

DEPUTACION PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de MARZO DE 2001**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 30 de marzo de 2.001, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

- 1.-Aprobación das actas plenarias seguintes: ordinaria nº 2/01 de 23 de febreiro y extraordinaria nº 3/01 de 9 de marzo.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 1.300 deica a nº 4.799.
- 3.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto as obras abrangidas nos plans provinciais.
- 4.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante poxa con procedemento aberto as obras abrangidas nos plans provinciais.
- 5.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado as obras abrangidas nos plans provinciais.
- 6.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto de subministracións abrangidas nos plans provinciais.
- 7.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado de subministracións abrangidas nos plans provinciais.
- 8.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto dos servizos de restauración de bens de carácter histórico, artístico ou arquitectura popular.
- 9.-Aprobación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado dos servizos de restauración de bens de carácter histórico, artístico ou arquitectura popular.
- 10.-Aprobación do proxecto reformado da obra do Concello de Bergondo Centro social en Santa Marta de Babío 2ª fase, incluída no Plan 2000 de infraestructuras 1998. Código 98.3400.0278.0.

11.-Aprobación do proxecto reformado da obra Saneamento en Nebra, Xuño, Muro, pl., do Concello de Porto do Son incluída no Plan 2000 infraestructuras anualidade 1998, 1999, 2000 e 2001. Código: 98.3400.0596.0, por estudio de seguridade e saúde con custo adicional.

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra Saneamento no núcleo de Ponte Mera e outros, do Concello de Ortigueira, do Plan 2000 infraestructuras anualidade 1999. Código 99.3400.1289.0.

13.-Aprobación do proxecto reformado da obra Execución de casa da cultura en Xuño, pl., do Concello de Porto do Son, incluída no Plan 2000 infraestructuras anualidade 1999, 2000 e 2001. Código 99.3400.1337.0.

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra Campo de fútbol Vista Alegre, módulos 2-4a-5-6a, do Concello de Boiro, incluída na 7ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0014.0.

15.-Aprobación da modificación do proxecto da obra Instalación de remo e piragüismo en Arcos, pl., do Concello de Mazaricos, incluída na 7ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0046.0.

16.-Aprobación do proxecto reformado da obra Pavillón polideportivo de Cruceiro de Roo, do Concello de Outes, incluída na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0060.0.

17.-Aprobación do proxecto reformado da obra Polideportivo cuberto do Concello de Culleredo, incluído na 2ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a Deputación no marco do Convenio Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0009.0.

18.-Aprobación da modificación do proxecto da obra Pista de atletismo, do Concello de Noia, incluída na 5ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a Deputación no marco do Convenio Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0018.0.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra Instalación de calefacción na casa nova do concello, do Concello de Cabanas, incluída na 1ª fase do Plan de construción e reparación urxente de casas de concello 1998-1999. Código 99.3600.0017.0.

20.-Aprobación da modificación do prego de prescrición técnicas de subministración denominada Dotación de xogos de parque infantil do Concello de Noia, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0255.0.

21.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras da E.P.1201 de Rodiño a Codeso por Boqueixón, ampliación e mellora de trazado.

22.-Aprobación dos proxectos reformados das obras de Construcción de beirarrúas na marxe dereita da estrada de Santiago (código 00.2100.0120.0), e reforma e ampliación de vestiario do campo de fútbol municipal (código 00.2100.0291.0) do Concello de Ordes, incluídas no POS 2000.

23.-Aprobación do proxecto reformado da obra Beirarrúas e seguridade vial EP 4803 Miño-Perbes, do Concello de Miño, incluída no programa de RVL 1999. Código 99.2400.0507.0.

24.-Convenio de Cooperación coa Xunta de Galicia para concesión de axudas ou subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e entidades deportivas con domicilio social na provincia da Coruña.

25.-Convenio coa Real Academia Galega de Ciencias para o financiamento do IV Ciclo de conferencias "Avances da ciencia e da tecnoloxía".

26.-Convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home- para adaptar o centro de rehabilitación no Val do Dubra.

27.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia, para fomentar a rede de voluntariado nos concellos.

28.-Expediente de modificación de créditos nº 1/01.

ACTUACION DE CONTROL

MOCIONS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE MARZO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 30 de marzo de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	
PSOE	
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG

DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escúsanse a Sra. Candocia Pita e o Sr. Mosquera Maceiras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede a le-los asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS PLENARIAS SEGUINTE: ORDINARIA N° 2/01 DE 23 DE FEBREIRO Y EXTRAORDINARIA N° 3/01 DE 9 DE MARZO.

Apróbanse as actas das sesións n° 2 e 3/01, correspondentes ás sesións celebradas os días de 23 de febreiro e 9 de marzo respectivamente.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 1.300 DEICA A N° 4.799.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da n° 1.300 deica a n° 4.799.

3.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO AS OBRAS ABRANGUIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Case telegraficamente, aínda que imos unificar ademais a posición do punto 3 ó 9, porque se trata, en síntese, da adaptación ós diferentes pregos tipo dunha normativa de carácter xenérico, pero en todo caso queriamos expresar aquí que, por coheencia co que fixemos xa cando se aprobaron orixinalmente os pregos, imos manter unha posición de abstención, xa digo, posición que vai ser do punto n° 3 deica o 9 incluídos.

Sr. Fernández Moreda

Vou facer unha única intervención que abrangue desde o punto nº 3 deica o punto nº 27, deixando o punto nº 28, o expediente de modificación de créditos, para que interveña o Sr. Lagares.

Este é un pleno típico dos que estamos acostumados na Deputación provincial, un pleno que podemos dividir en catro bloques: o primeiro bloque, do 1 deica o 9, onde se nos presentan modificacións de prego de condicións; un segundo bloque xa habitual nos Plenos da deputación de reformas de proxectos; un terceiro bloque de convenios con outras institucións, públicas ou privadas; e o último bloque, composto por un único punto que é o expediente de modificación de créditos. Antes de nada direi que imos votar afirmativamente os puntos do primeiro bloque, o 3, o 4, o 5, o 6, 7, 8 e 9, porque entendemos que son correccións que se introducen, ou matices que se introducen nos pregos tipo que existen na deputación para adaptar os pregos ás modificacións legais que existiron na Lei de contratos do Estado. Polo tanto, consideramos que é unha cousa normal e habitual o adaptar os pregos de condicións que van rexer os concursos ou poxas desta casa á legalidade vixente que foi modificada en aspectos moi puntuais e moi nimios, pero que é conveniente modificar. Que imos votar afirmativamente tódolos puntos que fan referencia ós reformados de proxectos, o punto 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, que é a solicitude á Xunta da declaración de urxente ocupación de bens, o 22 e o 23. Imos votar que non ó punto 24 que é o convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, e logo explicarei o por qué. E imos votar que si ó terceiro bloque, o de convenios, imos votar si ós convenios que figuran no punto 25, 26 e 27.

Esta exposición fágoa por economía de tempo, e por considerar que, como dicía antes, este é un Pleno típico da deputación. Imos votar ós reformados tendo en conta que as reformas se producen en moitos casos por erros na confección dos proxectos orixinados nesta casa, noutros por erros de formulación, e noutros por peticións dos concellos. Consideramos que os proxectos, ben ou mal, están redactados, están adxudicados, e os proxectos teñen que terminarse. Polo tanto, nun exercicio de responsabilidade, o grupo socialista vai votar favorablemente, a pesar de que algúns levan custos adicionais, hai incremento no orzamento.

Dicía que era un pleno típico porque os plenos desta deputación acostúmannos a mirar ó pasado, nunca miramos ó futuro, nunca a iniciativas propias da deputación ó futuro. Convenios con outras institucións e reformados. E isto pon de manifesto que hai unha escasez de proxección de futuro, unha escasez de políticas propias da deputación, máis alá do que supoñen convenios con outras institucións e dos plans que veñen establecidos pola lei. Era o que comentabamos no Pleno anterior: xestiónase de forma mecánica, de forma inercial, hai fondos para o POL: faise un POI; hai fondos para o POS: faise un POS, pero non xeramos nada novo, e os últimos plenos

desta corporación poñen de manifesto esta situación: sempre estamos mirando ó pasado, non hai nada ilusionante de futuro. Incluso cando se anuncia no expediente de modificación de créditos un plan para paliar os danos ocasionados polos temporais vemos a escasa imaxinación do grupo de goberno. Un plan no que se pretende dar cinco millóns de pesetas a tódolos concellos, sen ter en conta os danos realmente sufridos por cada concello. Parécenos ben, e solicitámolo nosoutros nunha interpelación hai meses, que a deputación atendese ós danos ocasionados nos distintos concellos da provincia polos efectos do temporal, pero non nos parece correcto tratar de forma igual situacións que son desiguais. Hai concellos que tiveron graves danos; hai concellos que tiveron danos menores, e hai concellos que tiveron poucos danos; haberá concellos que necesiten dous millóns de pesetas, e haberá outros concellos que necesitan dez ou vinte millóns de pesetas. Creo que isto pon de manifesto a xestión inercial, a xestión mecánica. Facemos o máis fácil: temos este orzamento, temos este obxectivo, facémolo e repartímolo para todos por igual. Pois non podemos repartir para todos igual porque os danos e prexuízos causados non foron iguais en tódolos concellos e uns necesitarán máis, outros non necesitarán nada, e algún necesitará moito máis do que está previsto facer aquí.

Ponse de manifesto tamén neste pleno, ponse de manifesto a mala xestión que está facendo o equipo de goberno nesta deputación. Digo a mala xestión e eu creo que sería máis correcto dicir a ausencia de xestión nesta deputación. Preséntasenos un expediente de modificación de créditos de 3.700 millóns de pesetas, e isto simplemente é unha demostración palpable da mala xestión orzamentaria que houbo ó longo do anterior exercicio. Xestionouse o 54% do orzamento, que se descontamos os gastos de persoal, os activos financeiros e os gastos financeiros, xestionouse só o 20,4% do orzamento da deputación, e este é un tema grave para o que hai que tomar medidas. Falabamos tamén o outro día, cando falabamos no outro pleno do POL, un plan financiado con fondos europeos e falabamos dos fondos de cohesión, que é a única deputación de España -e matizo: non é a única, é a da Coruña e dúas máis-, só tres deputacións de España non van recibir nin unha soa peseta con cargo ós fondos de cohesión dos programas da Unión Europea. E isto é algo grave, e cando eu digo isto, ou cando o grupo socialista pon de manifesto isto non e nin para arroibar ó equipo de goberno nin para gozar con esta situación; é para por de manifesto un problema e para solicitar que se tome con interese a xestión nesta casa, porque temos un presidente e catro vicepresidentes, e a impresión que hai é de desorde e unha desorganización total na casa, e xa vai sendo hora de que se tome o touro polos cornos e se empece a traballar seriamente, de forma planificada e coordinada, porque hai -e nótase- unha falla de liderazgo interno e externo da deputación, e hai unha falta de presenza institucional, interna e externa, interna na provincia e externa fóra da provincia, desta Deputación da Coruña.

E cando digo isto non o digo alegrándome; póño de manifesto porque entendo que a oposición tamén goberna, desde a oposición tamén se goberna, e gobiñase poñendo de manifesto estes problemas para que o equipo de goberno os

encaixe, os afronte e os solucione. E esta é a intención que ten esta intervención, non alegrarse nin arroibar a ninguén, senón dicir: “señores, tomen vostedes nota, porque así non se pode seguir, así non se pode seguir.”

Diciase que se está facendo un Plan de modernización, e cando se aprobou aquí o Plan de modernización o grupo socialista dicía que non había que modernizar a estrutura administrativa, se cabe tamén, pero o que hai que modernizar é a estrutura política, a racionalización na toma de decisións, a racionalización na planificación, no control, no seguimento do que se planifica, iso é o que hai que racionalizar. Eu creo que estamos desviando os tiros. Hai un equipo funcionarial bo, que funciona, un bo nivel funcionarial, e díllelo unha persoa que ten e tivo responsabilidades noutras institucións. A deputación, con moito, está por encima da media, no tocante a nivel dos seus funcionarios. ¿Que pasa na deputación? Que o equipo político non goberna; o equipo político non xestiona. E en aras de buscar a colaboración, e en aras de axilizar a xestión desta deputación ós concellos, o grupo socialista propón, non sei como se fai formalmente, se como unha proposición in voce, como un rogo, ou como o que queira, o grupo socialista está disposto a votar favorablemente a delegación de competencia no presidente para aprobar os reformados que non supoñan ningún tipo de incremento financeiro. Se estamos falando de que temos que servir ós concellos, facilitar e axilizar a xestión ós concellos, ¿por que ten que agardar un concello, en que o incremento é cero, a que se convoque unha comisión informativa, a que pasen os prazos, a que se convoque un Pleno da deputación, e a que se aprrobe? Pois ben, estamos dispostos a que o presidente teña a capacidade para aprobar por resolución tódolos expedientes que signifiquen incremento cero, iso si, coa salvidade de que dea conta á seguinte comisión informativa deses reformados que aprobou mediante resolución. Entendo, e quero que entendan estas palabras, estas e as críticas anteriores, non como unha crítica, senón como suxerencias ou axudas para xestionar mellor esta deputación, porque, de verdade, empézanos a preocupar a falta de liderazgo político e a falta de presenza institucional desta deputación.

Imos votar que si a tódolos puntos, como dicía, excepto ó punto nº 24, que é un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, mediante o cal a deputación vai entregar á Xunta de Galicia 200 millóns de pesetas. Non nos parece adecuado que a deputación financie á Xunta, é máis o que recibe a Xunta de Galicia da deputación que o que recibe a deputación da Xunta de Galicia, e non parece lóxico, cando comparamos un orzamento de vinte e pouco mil millóns de pesetas cun orzamento de novecentos mil millóns de pesetas. O lóxico, o razoable, por nivel de orzamento, e o lóxico e razoable, por capacidade de xestión e por proximidade e por axilidade, é que houbese unha transferencia de fondos da Xunta de Galicia á Deputación da Coruña. Pero non é este o único motivo polo que imos votar que non a ese punto; é que se nos está furtando á oposición do control e a fiscalización do gasto público desta deputación, porque este convenio non é novo, este convenio repítese, xa se fixo en anos anteriores, e esta oposición non tivo nunca información de a que se destinou ese diñeiro, a quen se subvencionou, por que se subvencionou e para que se subvencionou. E pedimos

formalmente tamén que se nos dea conta, en comisión informativa ou en pleno, de como se gastan estes recursos que a deputación, mediante este acto, vai poñer en mans da Xunta de Galicia. Queremos saber a quen se lle dá ese diñeiro, por que se lle dá, para qué se lle dá e con qué criterios se xestiona ese diñeiro.

Estas son as razóns, os motivos, polos cales nosoutros imos votar que non ó punto 24. E insisto, non sei se é un acto formal o tema da delegación de competencia no presidente para aprobar os expedientes dos reformados de proxectos que non supón ningún incremento financeiro, se é necesario unha aprobación neste pleno, eu rogaríalle ó presidente que o sometese a votación, o grupo socialista votaría a favor, e a partir de aí axilizariamos a xestión e racionalizaríamos o traballo da tramitación destes expedientes.

E entendan ben que cando falamos de falta de xestión, de incapacidade ou tal, cremos que é algo que se pode superar con esforzo e con dedicación, e cando facemos estas críticas non é para gozar, non é para alegrarnos; é para que vostedes tomen razón dos problemas e aborden os problemas e cambiemos esta inercia da deputación por un funcionamento máis racional, un funcionamento onde haxa planificación, e onde haxa coordinación, coordinación non só entre os concellos e a deputación, e entre os funcionarios da deputación e os funcionarios dos concellos, senón coordinación fundamentalmente entre o equipo de goberno e os servicios desta casa.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Varela Rey

É novidosa a intervención do portavoz do PSOE, dado que nos agrupa a súa intervención practicamente no que é o conxunto dos puntos do pleno, e fala por unha banda de temas de reformados e por outro lado de convenios. Efectivamente son tres grandes bloques, e polo tanto eu tamén creo que debo contestar nese mesmo sentido. Pero dá a impresión como se fora máis unha formulación novidosa de carácter global, do que é a xestión da deputación, do que é a xestión de goberno, e do que se está facendo nestes momentos.

Di o portavoz aquilo de criticar sen acritude, efectivamente pero poñendo a énfase nunha serie de calificativos que, loxicamente, desde o goberno non compartimos en absoluto. Non compartimos que haxa ningún dos aspectos que sinalou o Sr. Moreda. Hai unha planificación desde o equipo de goberno da deputación, hai unha perfecta coordinación entre todas e cada unha das delegacións da Presidencia. Loxicamente non podemos esquecernos do pasado, do pasado inmediato, porque son proxectos, son plans que se planifican nun tempo para executar noutro tempo e hai que levar a cabo a tramitación, polo tanto o que non podemos é tirar toda a planificación e todo o investimento que se está levando nestes momentos na Deputación provincial.

Teñen que vir reformados, teñen que vir adaptacións, cando fala de que hai reformados con incremento cero que puidera axilizarse máis pois podo dicirle que nestes momentos no grupo de goberno se está dando ese debate, ó mellor de estudio, de reflexión, cál modificación pode haber no eido de competencia, na propia Comisión de Goberno, para que iso puidera ser máis áxil, fundamentalmente en beneficio dos concellos. Nese tema digamos que hai unha empatía ou unha coincidencia porque xusto esta mesma mañá, nunha reunión previa, desde o grupo de goberno estaba falándose dese aspecto.

Pero si hai unha serie de plans que eu creo que son moi importantes, á parte daqueles que son de infraestruturas, como poden ser temas de redes de auga de sumidoiros, hai un compromiso por parte do presidente de mellorar a rede viaria provincial, estase falando de que está mellorando a conexión co resto do Estado a través de vías de comunicación rápidas, de autoestradas, tanto ó norte como ó sur, e que necesitamos polo tanto articular este territorio dentro da provincia da Coruña coa mellora da rede viaria, e que, repito, o presidente ten ese compromiso de afrontalo como algo prioritario. E hai outra serie de plans, un deles vén hoxe, un plan para a mellora do turismo, para facelo máis atractivo o que é a nosa provincia, ou en estudio un plan de aforro enerxético, que cremos que son temas moi importantes, ou a consolidación dun plan de arquitectura popular.

O que nos estraña máis é, por exemplo, falar de que non hai liderazgo. Seguramente o que pasa é que o presidente é unha persoa, eu teño desde aquí que facer unha alabanza en favor do presidente actual da Deputación provincial, digamos que non podemos cualificalo porque saia un pouco de actor, ¿non?, pois efectivamente non, seguramente que o Sr. Torres non é un actor nese senso, ou a imaxe dos “Óscar” que estamos agora acostumados a ver na academia, porque é unha persoa fundamentalmente discreta, porque é alcalde, porque está moi cerca, por que coñece perfectamente, todos e cada un dos problemas que afectan a cada concello, porque os coñece perfectamente, porque pasou por eles, porque leva moito tempo, non soamente como alcalde, senón como cargos importantes de deputado autonómico, ou mesmo na Dirección Xeral, e polo tanto, eu creo que ás veces se pode ofrecer o liderazgo desde dúas posicións, desde unha posición estética, un pouco de pantalla, de aparencia, ou desde unha posición de mandar sen pretendelo, e seguramente que o noso presidente está nesa liña, é dicir, ten a forza moral, o coñecemento de que ás veces, case cun aceno, sabe o goberno por onde ten que actuar, porque conecta perfectamente, non soamente cos deputados, senón que eu creo que mesmo con tódolos alcaldes, porque a linguaxe que pode utilizar, ou que poden utilizar con el, non lle é nunca descoñecido, e eu creo que aí ese talante aberto, ese talante de escoitar as propias críticas da oposición, e para facer seus aqueles aspectos que poden ser de achega positiva para mellorar o goberno estou seguro que o recollerá con todo o camiño, e que fará análise e reflexión del, porque ese é o talante que estamos acostumados a ver. Polo tanto, loxicamente, aí non coincidimos en absoluto con esa posición.

Hai un achegamento nesta lexislatura moi importante a tódolos concellos, e esa é, fundamentalmente, a política que se pretende, de estar en axuda, e que os plans de danos de temporais, que poida haber un criterio de que fora con carácter liñeal, ou que fora con carácter proporcional, en todo caso, efectivamente, pode ser discutible que hai concellos que por poboación ou por superficie podían ter máis axuda, pero tamén é ben certo que a deputación debe de exercer un carácter de equilibrio e moitas veces os concellos que máis dificultades teñen son aqueles, ó mellor, que teñen menos poboación, e que ó mellor, nunha situación de emerxencia ten menos posibilidades para ter recursos ou para desenvolverse. Polo tanto, eu creo que ese foi un bo criterio de ofrecer este carácter liñeal que, en definitiva, a quen favorece fundamentalmente é a aqueles concellos con menos poboación, con menos superficie, pero fundamentalmente con menos recursos. E, polo tanto, nese carácter de intervención global, eu creo que queda vista a nosa diferenza de criterio.

E, como a maiores, fai unha intervención respecto ó punto 24, paréceme que lle debo de contestar tamén a ese punto, se me permite, para dicirlle que nosoutros estamos a favor dun convenio que o que pretende é que a deputación colabore con 200 millóns de pesetas para as federacións deportivas, para o deporte na provincia da Coruña. O que é seguro é que quen vai recibir os 200 millóns non vai ser a Xunta, iso seguro, van ser as federacións, e eu diría máis, seguramente que moitos alcaldes, moitos concelleiros, moitos representantes públicos temos unha especial sensibilidade no que se refire ó deporte nestes momentos. O deporte en Galicia hai o deporte escolar, o deporte de base, hai o deporte formativo, e a partir desas idades o deporte está fundamentalmente nun 90% nos clubs federados, de fútbol, de baloncesto, de voleibol, de hóquei, atletas, etc., etc., son miles de persoas as que practican o deporte desde clubs federados, pero non é menos certo que no día de hoxe se pode percibir unha crise nas entidades deportivas, unha crise, fundamentalmente, de directivos, de persoas que destinen o seu tempo, porque lles gusta, porque lles agrada ver ós xoves practicar, e hai unha crise, entre outras cousas, seguro que pola falta de axudas. Calquera club, calquera entidade deportiva, ten uns gastos que dificilmente poden afrontar estas entidades, hai algún tempo incluso podía haber algo de ingresos no despacho de entradas, ías a un partido de fútbol e os veciños acudían. Hoxe non vai parcticamente ninguén, agás raras excepcións, os medios de comunicación votan fóra, porque a canle de non sei qué, o outro que che transmite sete partidos á vez, entón vas a calquera instalación, a unha competición de atletismo, pois moi pouca xente, unha competición de baloncesto, de voleibol, repito, salvo raras excepcións; só pagar os desprazamentos, só pagar o vestiario, a uniformidade deportiva, e ter que pagar a maiores as arbitaxes e os clubs teñen unhas dificultades tremendas para manterse, buscan os recursos de publicidade con algunhas empresas, e buscan a axuda destas empresas que son as que están aguantando, e eu creo que nos temos que reformular, desde unha institución como a deputación, non só de achegar 200 millóns, eu creo que deberíamos de achegar máis, porque o deporte é moi importante para os nosos xoves, é unha escola de aprendizaxe, é unha escola de vida, é un lugar de reunión, de encontro, de convivencia, de loita, de disciplina, eu creo que aí a única maneira de que teñamos moitos

deportivistas, de que teñamos moitos clubs deportivos de todo tipo, é axudando, poñendo moito diñeiro. Se a Xunta en lugar de 200 pon 1.000, fenómeno, pero a deputación debe de poñer tamén, non sei se 200, seguramente que máis, pero eu creo que neste senso, e loxicamente temos que ter a confianza de que o destino, o reparto, que as federacións son as primeiras interesadas de que se faga cun equilibrio a tódalas entidades. Axudar a clubs deportivos de cadetes, de nenos pequenos, de xuvenís, de infantís, e incluso as categorías superiores. É moi importante ter hoxe en día o Deportivo, é moi importante ter o Rácing de Ferrol aí arriba, e preocuparnos de que o Compostela, dígoo porque ese é o reflexo da xente que practica, dos pequenos, entón tamén é importante ter eses profesionais que sexan un pouco o espello onde se poidan mirar.

Polo tanto, eu pediría, primeiramente, o apoio ó grupo socialista a este apartado, que debemos primar, non sei se con 200, pero eu creo que é unha cantidade importante, e eu diría incluso con máis. E respecto a intervención global, espero deixar claro realmente cál é o traballo que vén desenvolvendo o goberno.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

É que eu estou moi despistado. Levamos media hora de debate, eu non sei se estamos no punto 3, se estamos no 10, se estamos no 23, se estamos no 17. Entón, como aquí pasamos da ideoloxía á anarquía pura, encóntrome moi incómodo nun debate que non modera ninguén, vouno dicir con toda claridade, non sei se entender ademais, que como xa se está falando de todo, cando se fale de algo, só vou intervir eu, porque se o representante do PSOE xa interviu globalmente, e o representante do PP contéstalle globalmente, o único que queda son eu. Entón, eu vou intervir no punto que corresponda, pero de verdade paréceme moi pouco serio que aquí esteamos falando de todo sen saber do que estamos discutindo. Entón, rogaríalle ó presidente que concretara para empezar se podemos saber en que punto estamos.

Eu simplemente pido iso, ademais sei que o presidente é mariño mercante e entende moito de orientación, entón, dígnanos por favor, en qué punto estamos.

Sr. presidente

Estamos en todos e nalgúns, en todos e nalgúns, iso é o que se me ocorre a min. Pero téñolle que dicir ó Sr. Rodríguez Doval, que logo na organización futura do debate, despois destas intervencións globais, aprobaremos do 3 deica o 9, e despois iremos repasando punto por punto, porque vostede ata o momento non me dixo nada a partir do número 9, entón a partir de 10 iremos vendo eses puntos da orde do día, e vostede terá o seu dereito a intervir e organizar o debate. Polo tanto, eu creo que, como

ben dixo, son mariño, e sei marcar ben o rumbo, e creo que sei cando hai que tirar para babor e para estribor.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente. Eu, de toda a resposta que me deu o voceiro do grupo popular poderíalle responder con contos, pero non lle vou responder, podía dicirlle, home, se coa planificación que hai, coa coordinación que hai, xestionamos o 20,4% do orzamento, se non chega a haber planificación, sabe Deus o que xestionariamos.

Co tema do deporte, do convenio, nosoutros non nos opoñemos a que se financien subvencións ás federacións deportivas, ó que nos opoñemos é que a deputación financie á Xunta para que a Xunta financie ás federacións deportivas. E o que me gustaría escoitar da súa intervención é a resposta á miña petición. Eu dixen, se nosoutros damos 200 millóns de pesetas á Xunta, que non o comparto, porque debe darnos a Xunta á deputación, non a deputación á Xunta, pero se damos 200 millóns de pesetas, a min gustariame que vostede me dixese, “non se preocupe vostede, Sr. Moreda, porque terán vostedes conta de a quen se vai financiar, e para que se lles vai financiar”, porque nosoutros queremos exercer o papel para o que estamos aquí, somos a oposición, e a oposición, á parte de dar ideas, ou suxerir, ou poñer de manifesto problemas para que se tome nota e traten de resolvelos, ten unha función tamén que é prioritaria, que é a de control, e a nosoutros con este convenio fúrtasenos o control do destino e o gasto dese diñeiro público que nosoutros aprobamos nun orzamento, e queremos que nos dean conta, porque o ano pasado houbo un convenio coma este, e non sabemos en que se gastou, e queremos sabelo porque é a nosa función e é o noso dereito.

E con respecto ó liderazgo, por Deus, que non se entenda como unha crítica ó presidente, goza do meu aprecio persoal e o meu respecto, político e humano, falo de liderazgo da deputación, estase perdendo liderazgo, a deputación está perdendo liderazgo na provincia e está perdendo presenza institucional na provincia, se vostedes o ven e o comparten, tomarán as medidas para tratar de recuperar o liderazgo e a presenza institucional, se non o comparten, seguiremos como estamos, ó noso xuízo perdendo liderazgo, e perdendo presenza, e pónoo de manifesto, e dígoo publicamente, non como unha crítica para alegrarme, como un problema que nos preocupa, porque se está deteriorando o funcionamento da deputación, estase deteriorando, podémolo advertir ou non advertir, podémolo compartir ou non compartir, ó noso xuízo estase deteriorando o funcionamento da deputación e estase creando desánimo entre os propios funcionarios, e o que eu digo é que se exerza ese liderazgo e se coordinen as accións porque a impresión que hai cara a fora é que cada un anda polo seu lado, facendo o que lle parece sen ningún tipo de coordinación, e pensamos que isto non debe de ser así, pero desde logo, baixo ningún concepto, e se se entendeu, retíroo e pido desculpas, non era unha crítica á persoa do presente que é unha -perdóeme Sr. presidente que fale de forma persoal-, unha magnífica persoa, unha

excelente persoa, que goza do respecto político e do respecto humano como persoa, era unha crítica política, e desde logo eu entendo que é o lider que vostedes teñen porque o elixiron para ser o presidente da deputación, e eu como voceiro da oposición dígolle que exerza o liderazgo, que exerza o liderazgo sen complexos, e que lle dea á deputación unha maior presenza institucional na provincia e fóra da provincia.

A min, se me permiten, pónolles un exemplo que me molesta porque é un exemplo persoal. Nun programa de fondos operativos aquí desenvolveuse desde a deputación, levouse o liderazgo do programa Neria. O programa tiña que aprobalo o goberno da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia non o aprobou, vai a Madrid, ben, pois conseguiu, coa presenza da Deputación en Madrid conseguiu que o goberno da nación incluíse o programa Neria entre os fondos susceptibles de subvención, e conseguíronse 900 millóns de pesetas.

Eu esa relación non a teño, o grupo socialista estamos na oposición, aquí e alí, pero vostedes están no goberno aquí e alí, utilicen a deputación e utilicen a fortaleza da deputación, a iso me estou referindo, e por favor non entendan cousas persoais que non hai ningún tema persoal, ademais creo que hai unha cousa que recuperamos nesta lexislatura, que temos unhas relacións fluídas e cordiais, cousa que según me din, non pasaba na anterior lexislatura e iso é fundamental para entenderse e traballar. E entendan sempre as críticas da oposición, ó menos desta oposición, como críticas constructivas para axudar a traballar e para axudar a mellorar os servizos en funcionamento e a presenza da deputación.

Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

Brevemente. A relación fluída e cordial, o momento que está a pasar a deputación agora, tamén moito de culpa a ten o Sr. Moreda e o grupo socialista, na relación fluída e cordial, tamén ten moito que ver o Sr. voceiro do PSOE, non me entenda mal, enténdame ben.

Cando falaba de liderazgo, claro, estamos falando dunha institución que é, fundamentalmente, presidencialista, polo tanto, exerce tamén nese sentido, é dicir, o presidente é un papel moi importante nunha institución como é a deputación, é dicir, calquera deputación, ou calquera alcaldía, por exemplo, é dicir, o alcalde ten un papel preponderante, fundamentalmente, se se fala de liderazgo dun concello, o alcalde xoga un papel moi importante; na deputación o presidente tamén está xogando ese papel moi importante.

E no tema do punto 24, coincidimos en que ten que haber un control do diñeiro que pon a deputación, evidentemente, de que cando poñemos 200 millóns, loxicamente temos que estar preocupados cál é o destino, pero destino son as

federacións deportivas nesta provincia, e é aí onde se efectúa o reparto, en boa lóxica, en función da propia actividade que xeran os clubs, polo tanto esa é a tranquilidade que nos dá a nosoutros o que ese investimento ten un magnífico destino.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Quérolles dar as gracias a todos polas palabras cara a miña persoa, o Sr. Rodríguez Doval por lembrarme a miña profesión, á cal lle teño un gran cariño, ó Sr. Fernández Moreda por esas boas palabras, e tamén ó Sr. Varela, chámabame bo ou mal actor, ou un actor prudente, nos cargos políticos haberá que facer de todo.

Pero o Sr. Fernández Moreda quixo evidentemente declarar a súa vontade de voto en certos puntos deste pleno, e fixo unha intervención política que me vexo na obriga de responder, intervención política que non comparto, por suposto, que respecto plenamente, como non podía ser menos, pero que non comparto, esa intervención do Sr. Fernández Moreda.

Dinos que non temos ideas de futuro, que simplemente imos por inercia do que había ou o que non había, eu creo que iso non é certo, quizais neste pleno non veñen temas de futuro, pero eu creo que temos un problema de futuro, e ben claro e diáfano, e sabemos o que queremos facer no que falta de lexislatura.

Aí está, que vostede mencionaba dalgunha forma, ese Plan de modernización desta deputación, co cal pretendemos que sexa máis áxil e operativa, co único fin de servir mellor ós veciños da nosa provincia, nese Plan de modernización está ese novo edificio que imos facer para que estea alí situado todo o Servicio de Recadación e que aquí poida quedar máis espacio e funciona mellor tódolos funcionarios, valla a redundancia, desta institución; e está ese novo museo ou ese centro de artes, onde queremos que todo o arquivo ou inventario que temos, e pezas artísticas, poidan, en vez de estar durmindo, como están, nalgúns despachos ou nalgúns salóns, que poidan estar para que usen e gocen e visiten tódolos veciños desta provincia e tódolos que nos visitan. Aí está en marcha ese Plan de aforro enerxético, que non é a primeira vez que o dicimos, onde queremos que os concellos poidan ter un plan de aforro enerxético para aforrar diñeiro na iluminación pública ou nos seus centros e institucións. Aí está ese plan de turismo, que vai no orzamento deste ano, que virá en breve aquí, ese plan de turismo que se van investir 700 millóns en dous anos, no 2001 e no 2002, para darlle un revulsivo a tódolos concellos desta provincia; aí están esas axudas ás confrarías, que ademés ata veñen estupendamente coas perdas dos temporais, que aínda saíu onte publicada, e sae hoxe na prensa, por 84 millóns, quizais non é a cantidade suficiente, pero eu creo que é unha axuda importante.

E, por suposto, non comparto con vostede, Sr. Fernández Moreda, que critique eses 500 millóns de axudas para os concellos. Creo que se dixo, e foi acordado ademais aquí por unanimidade, por todos, que se dixo que era unha axuda simbólica ós concellos para que puideran empezar xa a actuar naquelas emerxencias que tiveran e logo despois xa lles virá o diñeiro que lles ten que vir de Madrid para, a cada un, de acordo coa declaración de danos que fixo no seu momento, xa lles virá a cantidade correspondente a cada un. Se nosoutros aprobasemos unha cantidade, imos supoñer, 500 millóns, ou 1.000 millóns de pesetas, para repartir de acordo cos seus danos, aínda neste momento non estaría resolto, e tal como o fixemos, déuselles instrucións ós concellos que podían actuar a partir do día 1 de xaneiro, que pode actuar, e logo en breve notificárase esa partida oficialmente, e eles con xustificar o gasto, ingresaráselles o diñeiro.

Polo tanto, ese era o fin desa axuda dos temporais, e era para esas emerxencias, independentemente da cantidade que lle veña a cada un, consonte cos seus danos ou as súas perdas.

¿Mala xestión no gasto?, ben, vostede ben sabe, e sabémolo todos, que se quere darlle voltas o asunto, que se non gastamos o gasto nalgúns plans que vimos arrastrando é por problemas, ás veces, de informes doutras institucións, por problemas que teñen as obras de arquitectura popular, por problemas que teñen as obras de medio ambiente, que aí temos un gran reto de levar adiante e iso é o que estamos incorporando de novo.

Por suposto, non comparto que non haxa unha cohesión entre o presidente, e os seus vicepresidentes e o resto dos deputados. Pódolle dicir tranquilamente que hai un equipo de goberno cohesionado, e o único que queremos entre todos é facer o mellor posible para os concellos e axilizar ó máximo tódolos proxectos e programas que temos en marcha.

¿Liderazgo da deputación?, ese liderazgo institucional que vostede reclama. Ben, cada un ten a súa forma de gobernar, a que a min me gusta e ó meu equipo de goberno é, por suposto nalgúns cousas puntuais, que a deputación lidera ela unicamente certos temas, aquí na provincia, ou fóra, pero por outro lado tamén nos gusta facer convenios e coordinarnos con outras Administracións, como pode ser a Xunta, ou outra máis, para dalgunha forma coordinar todo o diñeiro dunha Administración e doutra, e todos xuntos facer o maior labor posible cara ós veciños, cara ós cidadáns. Ou sexa, que hai momentos puntuais que a deputación ten que liderar ela soa, e outras que queremos ir unidos co resto da Administración para coordinar mellor tódolos fondos públicos e prestar un mellor servizo ós veciños, ós cidadáns, como pode ser, por exemplo, o parque de bombeiros.

Teño que lle dicir que esa oferta, ou esa moción *in voce* que dixo vostede, non imos votar nada aquí, non porque se desprece, en absoluto, que estamos

estudiando ese tema, aínda casualmente o falamos e debatemos co Sr. Rodríguez Rodríguez, e non só se está estudiando a posibilidade, ó mellor, de que o presidente teña máis facultades para acelerar proxectos ou expedientes, senón tamén ó mellor a Comisión de Goberno ten que ter máis competencias, co único fin de axilizar os expedientes e eses proxectos desta deputación. Por suposto, traerase aquí esa oferta, e estudarase con vostedes, e esperamos que no seu día o fagamos o mellor posible para que esta deputación, é vontade de todos nosoutros, que sexa o máis áxil, práctica e operativa posible.

Sen máis, se mal non lembro, quedan aprobados os puntos do 3 ó 9, ambos inclusive, cos votos a favor do grupo socialista, do grupo do Partido Popular e coa abstención do Bloque Nacionalista Galego.

(Sae o Sr. Quiñoy Taboada).

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG; 1-PSOE; por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto as obras abrangidas nos plans provinciais.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

4.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE POXA CON PROCEDIMENTO ABERTO AS OBRAS ABRANGUIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

1.-Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante poxa con procedemento aberto as obras abrangidas nos plans provinciais.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.

5.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO AS OBRAS ABRANGIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado das obras abrangidas nos plans provinciais.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

6.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMIENTO ABERTO DE SUBMINISTRACIONES ABRANGUIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto a subministración nos plans provinciais.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

7.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO DE SUBMINISTRACIONES ABRANGUIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado a subministración abranguida nos plans provinciais.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

8.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVICIOS DE RESTAURACIÓN DE BENS DE CARÁCTER HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU ARQUITECTURA POPULAR.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto os servicios de restauración de bens de carácter histórico, artístico ou arquitectura popular.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

9.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DOS SERVICIOS DE RESTAURACIÓN DE BENS DE CARÁCTER HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU ARQUITECTURA POPULAR.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento negociado os servizos de restauración de bens de carácter histórico, artístico ou arquitectura popular.

2.-Expoñer o citado prego no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de oito días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se produciran, conforme co disposto no artigo 122 do Decreto legislativo 781/86.”

10.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE BERGONDO CENTRO SOCIAL EN SANTA MARTA DE BABÍO 2ª FASE, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS 1998. CÓDIGO 98.3400.0278.0.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

O noso grupo vai unificar no senso da busca da maior axilidade, aínda que teño que dicir que unha cousa é o que se busca e outra cousa é o que se encontra, e á vista do que estamos vendo, a maior axilidade convértese noutra cousa diferente, e quería dicir que, efectivamente, reitérome no que dixen antes: os debates nas institucións tamén se prestixian pola forma en que se fan e, desde logo, paréceme pouco prestixiar á institución, e isto pódollo dicir eu, que represento a un grupo ó que se lle acusa de estar en contra das deputacións e de non ter fe, e de non ter moita confianza nesta institución, parece mentira que teñamos que ser nosoutros os que digamos que ten que haber un método na discusión, o que non se pode facer é estar no punto 9, e estar falando do 24, porque o falabamos todos ou non fala ninguén, ou sexa, eu pido que, por favor, de cara ó futuro, mentres teñamos aquí reformados e outro tipo de historias, por favor, que levemos unha orde, porque isto a min non me parece serio, dígoo con toda confianza. Entón, eu creo que hai que prestixiar á institución tamén exercendo unha certa orde nos debates, e a orde non significa non deixar falar, senón saber de que estamos falando, e eu, de verdade, vin caras moi raras de tódolos membros desta corporación, de que pasamos do punto 3, ó punto 4, o punto 27, entón, por favor, mentres non aprobemos ese regulamento novo, e non modifiquemos ese regulamento, que conste que eu xa teño dúbidas de que sirva para algo, porque ó mellor non hai que regulalo, á vista do que levamos hoxe aquí, ó mellor nin necesitamos regulamento, temos un punto con 17 puntos na orde do día e cada un que fale do que queira, e despois xa miraremos o que votamos. Eu xa sei que estou levando un pouco case case ó extremo o debate, pero desde o meu punto de vista, Sr.

presidente, e levo case catorce anos, e é a primeira vez que tal cousa vexo, de verdade, dígollo con toda sinceridade, de verdade, e vin moitas cousas raras, pero esta é rarísima, de verdade, entón ó mellor, eu teño un día malo tamén. Hai que prestixiar á institución tamén na forma en que se fan os debates.

E despois direille que o noso grupo tamén está pola cordialidade, non imos chegar a un *menage a trois* pero estamos pola cordialidade, estamos pola cordialidade, o que pasa é que cada un cun papel, nosotros somos a oposición, dialogamos cando se nos chame, etc., etc. Eu teño que adiantar que non comparto en absoluto a proposta que fixo o meu compañeiro Salvador Fernández Moreda porque posiblemente cando nos quiten os reformados e outras cousas, xa escusamos de vir aquí, xa non temos nada que debater. Entón, manteñamos os reformados para ver se debatemos de algo, polo menos.

E vou ó punto que nos ocupa. O problema non son reformados, os problemas son as causas que motivan os reformados, e eu contabilicei, paréceme que no pleno de xaneiro, iamos en 115 reformados nun ano e pico, agora xa veñen hoxe aquí me parece que son 12 ou 15 máis, é dicir, unha cantidade excesiva, e temos un problema moi grande co tema dos reformados, que eu non quero ocultar que non se debe exclusivamente a un problema de carácter técnico, senón a un problema de decisións políticas que foron, baixo o noso punto de vista, que non temos a verdade absoluta, que non foron en absoluto responsabilidade, neste caso concreto, do grupo que eu represento.

E eu sei que é lamentable que teñamos que perder tanto tempo neste debate, é lamentable porque saímos cansados os que estamos aquí, as persoas que escoitan, pero nunca falamos de que o problema persiste porque non se adoptan decisións políticas que eviten que o problema continúe. E eu quero lembrar aquí, Sr. presidente, que estamos chegando ó ecuador desta lexislatura, practicamente dous anos, e seguimos con reformados, entón as boas palabras que se dixeron en canto a racionalización, en canto a resolver problemas, que se derivaban sospeitosamente dunha situación anterior, de decisións políticas dunha situación anterior, non se están resolvendo, e polo tanto, claro, aquí eu creo que é moi cómodo falar sempre de reformados sen falar de que se dan porque hai responsabilidades políticas.

En segundo lugar, Sr. presidente, nosoutros non compartimos que situacións que son singulares, un reformado, varios reformados pódese dar, en tódalas obras e nun volume de obras como o que pode contratar esta deputación se pode dar, pero estamos convertendo en normal o que, baixo o noso punto de vista, sería excepcional, e estase convertendo en normal, e iso si que o dicía ben, entendín ben o que dicía o compañeiro Fernández Moreda de que, efectivamente, estase convertendo na especie dese bloque que denominaba el, dos reformados, e nosoutros non queremos que iso sexa así.

Polo tanto, Sr. presidente, cando se van cumprir eses dous anos de lexislatura, ese ecuador da lexislatura, como dicía o outro, non hai nada novo baixo o sol, reformados, só hai reformados. Nosoutros facemos un chamamento, ou ben a que se dea un debate político, se se pode encontrar unha solución definitiva a este tema, pero desde logo adianto que estamos en contra de que se lle quite esta competencia ó Pleno, é máis, nosoutros seríamos partidarios de que o Pleno tivera outras competencias, como por exemplo o reparto de grandes cantidades inxentes de subvencións para cultura e deportes, dos cales nosoutros informámonos incluso máis tarde do que se informan os medios de comunicación.

E concreto a nosa posición respecto ó tema dos reformados, que é o tema que eu quixen englobar, porque me parece racional englobalo, non quero mesturar os reformados cun convenio, ou cun expediente de modificación de créditos.

Polo tanto, o noso grupo vai votar favorablemente a aprobación de reformados número 10, 12, 13, 18, 19 e 20, que son os que están nese bloque, e imos absternos, en concreto, no punto número 11, no 14, no 15, no 16 e no 17, porque teñen aumento de consignación orzamentaria e en coherencia, xa digo, co que estivemos facendo con anterioridade.

(Entra o Sr. Quiñoy Taboada).

Pero, de verdade, a min dáme a impresión de que esta situación estanos levando a un debate un pouco kafkiano, que dalgunha maneira haberá que regular, porque os unificamos todos o debate, eu creo que ten que haber algunha norma que regule todo isto, cando levamos xustamente unha hora e, desde logo, podo dicir, con toda alegría, que esta hora non a levamos por culpa do representante do BNG, levámola por culpa doutra cousa, que non quero poñerlle nomes e apelidos.

Entón, por favor, un pouco de seriedade, non sexa que en lugar de axilizar, ó final, andeamos ós tropezoños.

Creo que concretei bastante a posición do noso grupo respecto ós reformados, e despois faremos as intervencións respecto dos outros puntos, que é como se fai en tódolos plenos, polo menos nos que eu vin.

Sr. Varela Rey

Se quero entender ben, a intervención do voceiro do BNG é para chamarnos a atención ós demais grupo de como hai que facer as cousas, e entón se se fan como marca o regulamento particular do voceiro do BNG todo vai ben, e se se fai doutra maneira todo vai mal, pois non estamos de acordo en absoluto. E se se fai a piñón fixo, vai de marabilla, e se se fai con carácter flexible de intervención global, que eu entendín perfectamente do voceiro do PSOE, ou doutro grupo, e que fai sobre un

ámbito xeral e de aspectos de funcionamento da deputación, aínda que sorprendera a intervención porque habitualmente facémola doutra maneira pero ¿que pasa?, ¿que non pode facer unha intervención con carácter flexible e unha contestación nese sentido?, eu creo que é enriquecedora e case case me dá a impresión como se fora tratando de coartar que puideramos intervir nese sentido, eu creo que non, o de pontificar na nosa intervención eu creo que está mal, eu creo que ese é un sentimento... Mire, e se temos que falar dous intervencións dos distintos grupos políticos por tempos, por exemplo, cada un pode empezar a velo, a min tampouco nunca se me ocorreu dicirlle que, ó mellor, o voceiro de determinado grupo interviña sobre dez puntos para dicir sempre o mesmo do mesmo tema, tampouco nunca se me ocorreu dicir iso. Eu creo que en aras a unha liberdade de expresión pódese facer unha intervención moi puntual, ou non tan puntual, ou mesmo, home, dá a impresión como se o voceiro do BNG lle ten que chamar a atención ó presidente desta cámara cómo ten que levar o debate, eu creo que non, o presidente sabe perfectamente como debe levalo, e un ambiente que pode ser con carácter puntual deste punto, ou pode ser agrupado, tres de aquí, dous de alí, eu creo que nese sentido, desde logo ó grupo popular interésalle máis ese carácter global de flexibilidade, en todo caso de permitir que nese ambiente que ten que haber, e que hai, por suposto, nesta institución, que se poida afirmar calquera aspecto de pensamento global nun determinado momento, eu creo que iso é bo.

En todo caso, podemos admitir suxerencias, pero tamén podemos estar en desacordo con elas.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte dictamen da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Bergondo relativa á aprobación do proxecto reformado da obra da que a contratación lle corresponde a esta deputación provincial e que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1998, 2ª fase que foi aprobada o día 30 de xaneiro de 1998.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Conc.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
98.3400.0278.0	Bergondo	Centro Social de Santa Marta de Babio 2-fase	7.282.630

11.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA SANEAMENTO EN NEBRA, XUÑO, MURO, PL., DO CONCELLO DE PORTO DO SON INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998, 1999, 2000 E 2001. CÓDIGO: 98.3400.0596.0, POR ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE CON CUSTO ADICIONAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación do orzamento de contrata do proxecto Saneamento en Nebra, Xuño, Muro, pl., incluído na 4ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 de infraestructuras que foi aprobada o 20 de marzo de 1998, por adición do orzamento do estudio de seguridade e saúde con custo adicional, por importe de 4.884.172 ptas.

Con isto o financiamento definitivo deste proxecto plurianual queda como segue

	Orzamento de contrata aprobado inicialmente	Novo orzamento de contrata por incremento de estudio de seguridade e saúde	Diferencia
1.998	37.284.991	37.284.991	0
1.999	26.000.000	26.000.000	0
2.000	18.500.000	18.500.000	0
2.001	18.500.000	23.384.172	4.884.172
TOTAL	100.284.991	105.169.163	4.884.172

A codificación completa desta obra plurianual é a seguinte:

Código obra	Orzamento de contrata
98.3400.0596.0	37.284.991
99.3400.0596.0	26.000.000
00.3400.0596.0	18.500.000
01.3400.0596.0	18.500.000
01.3400.0596.1	4.884.172
TOTAL	105.169.163

O financiamento do incremento impútase na súa totalidade á anualidade 2001. Ó Concello de Porto do Son minoraráselle na mesma medida a cantidade

asignada na anualidade 2002 do antigo Plan 2000 de infraestructuras actualmente integrado no POS 2002.

2º.-Dispoñer a súa planificación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe sobre este asunto, considerándose emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PONTE MERA E OUTROS, DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA, DO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1999. CÓDIGO 99.3400.1289.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Ortigueira relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 3ª fase que foi aprobada o día 27 de novembro de 1998 e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a continuación se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1289.0	Ortigueira	Saneamento no núcleo de Ponte Mera e outros	39.159.149

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA EXECUCIÓN DE CASA DA CULTURA EN XUÑO, PL., DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1999, 2000 E 2001. CÓDIGO 99.3400.1337.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Porto do Son relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1999, 2000 e 2001, 3ª fase, que foi aprobada o día 27 de novembro de 1998 e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u> <u>1999</u>	<u>Orzamento</u> <u>2000</u>	<u>Orzamento</u> <u>2001</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
99.3400.1337.0	Execución casa cultura Xuño, Pl.	17.000.000	8.047.698	5.000.000	30.047.698

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL VISTA ALEGRE, MÓDULOS 2-4A-5-6A, DO CONCELLO DE BOIRO, INCLUÍDA NA 7ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0014.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar por un importe de 73.752.381.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Campo de fútbol Vista Alegre -módulo 2, 4a, 5 e 6a, código 98.3420.0014.0, que foi incluída na 7ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 28.05.99.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 11.752.433.- ptas. sobre contrata e 10.447.913.- ptas. sobre adxudicación, código nº 98-3420-0014.5.

Este incremento financiará integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	Financiamento definitiva	
	Anualidade 1998	Total Anualidade
Deputación	58.252.381	58.252.381
Conc. F. Propios	15.500.000	15.500.000
Conc. Plan 2000 Infraest.		
Total.....	73.752.381	73.752.381

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións ó devandito, entenderase definitivamente aprobado.”

15.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO EN ARCOS, PL., DO CONCELLO DE MAZARICOS, INCLUÍDA NA 7ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0046.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)
 Votan en contra: ningún deputado
 Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar por un importe total de 33.881.086.- sobre o orzamento de contrata, o proxecto modificado da obra Instalación de remo e piragüismo en Arcas, código 98.3420.0046.0/99.3420.0046.0, que foi incluída na 7ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 28.05.99.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto modificado que ascende a 33.881.086.- ptas. sobre contrata (código proxecto modificado nº 99.3420.0046.5).

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	Financiamento definitivo		Total
	Anualidade 1998	Anualidade 1999	Anualidades
Deputación	21.100.000	8.881.086	29.981.086
Conc. F. Propios			
Conc. Plan 2000 Infraest.		3.900.000	3.900.000
Total...	21.100.000	12.781.086	33.881.086

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

16.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CRUCEIRO DE ROO, DO CONCELLO DE OUTES, INCLUÍDA NA 3ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0060.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar por un importe total de 80.447.876.- ptas., sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Pavillón polideportivo de Cruceiro de Roo (código 98.3420.0060.0/99.3420.0060.0) que foi incluída na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 31.08.98.

2º.-Condicionar a aprobación do financiamento desta obra de carácter plurianual, para as anualidades 1998 e 1999, á aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos 1/2001 que se tramita actualmente e que se someterá a acordo

do Pleno da deputación na sesión con data do 30.03.2001, ó que se elevará igualmente a aprobación deste expediente.

Condicionar, así mesmo, a aprobación da modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado da obra que ascende a 13.171.946.- ptas. sobre contrata e 12.513.348.- ptas. sobre adxudicación (código nº 99-3420-0060.3).

Este incremento financiará integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	Financiamento definitivo		
	Anualidade 1998	Anualidade 1999	Total Anualidade
Deputación	44.840.000	27.447.876	72.287.876
Conc. F. Propios			
Conc. Plan 2000 Infraest.	0	8.160.000	8.160.000
Total.....	44.840.000	35.607.876	80.447.876

3º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio bo BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e información á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA POLIDEPORTIVO CUBERTO DO CONCELLO DE CULLEREDO, INCLUÍDO NA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0009.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar por un importe total de 126.637.417 pesetas sobre o orzamento de contrata,o proxecto reformado da obra Polideportivo cuberto do concello de Culleredo, código 99.7450.0009.0, que foi incluída na 2ª fase da primeira programación plurianual do convenio Xunta-deputación de instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de marzo de 1999.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado, que ascende a 9.351.645 pesetas sobre contrata e 8.879.639 pesetas sobre adxudicación.

O citado incremento financiarao integramente a deputación e asígnaselle o código 2001.7450.0009.2.

Por isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrato ofrecen o seguinte resumo:

	OTO. TOTAL CONTRATA	1.999	2.000	2.001
Deputación	86.637.417	0	38.787.967	47.849.450
Achega concello	40.000.000	40.000.000	0	0
TOTAL	126.637.417	40.000.000	38.787.967	47.849.450

Este incremento poderá efectuarse con cargo ó crédito dispoñible na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

18.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA PISTA DE ATLETISMO, DO CONCELLO DE NOIA, INCLUÍDA NA 5ª FASE DA

PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0018.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra Pista de atletismo do concello de Noia, código 99.7450.0018.0, que foi incluída na 5ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación dentro do Convenio Xunta-deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 11 de xuño de 1999, dado que a modificación non supón variación no orzamento da obra, sendo os datos de financiamento os seguintes:

	ORZAMENTO TOTAL	1999	2.000	2.001
Deputación	74.993.530	33.713.721	21.213.721	20.066.088
Conc. P2000 Infraest.	25.000.000		12.500.000	12.500.000
TOTAL	99.993.530	33.713.721	33.713.721	32.566.088

2º.-Condicionar a aprobación do financiamento para a anualidade 1999 desta obra de carácter plurianual 1999, 2000 e 2001 á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos que se tramita actualmente e que se someterá á aprobación do Pleno da deputación do 30.03.2001, ó que se elevará así mesmo a aprobación deste expediente.

Pola súa parte, o financiamento das anualidades 2000 e 2001 poderá efectuarse con cargo ó dispoñible existente na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.”

19.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN NA CASA NOVA DO CONCELLO, DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN DE CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN URXENTE DE CASAS DE CONCELLO 1998-1999. CÓDIGO 99.3600.0017.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o proxecto reformado da obra Instalación de calefacción na nova casa do concello, Cabanas (código 99.3600.0017.0), que foi incluída na 1ª fase do Plan de construción e reparación urxente de casas de concello 1998-1999, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.11.98, dado que a modificación non

supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto.

2º.-Condicionar a aprobación do proxecto reformado á aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.”

20.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA DOTACIÓN DE XOGOS DE PARQUE INFANTIL DO CONCELLO DE NOIA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0255.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a modificación do prego de prescricións técnicas reguladoras da subministración denominada Dotación de xogos en parque infantil, código 00.3440.0255.0, do Concello de Noia, do que a contratación lle corresponde á deputación, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.00, dado que a modificación non supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento do prego de subministración, nin no plan no seu conxunto.”

21.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS DA E.P.1201 DE RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto E.P. 1201 de Rodiña a Codeso por Boqueixón, ampliación e mellora de trazado.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existan razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da

estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, á intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

(Sae o Sr. López Sueiro).

22.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA MARXE DEREITA DA ESTRADA DE SANTIAGO (CÓDIGO 00.2100.0120.0), E REFORMA E AMPLIACIÓN DE VESTIARIO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (CÓDIGO 00.2100.0291.0) DO CONCELLO DE ORDES, INCLUÍDAS NO POS 2000.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Ordes relativa ós proxectos reformados das obras que se indican máis abaixo incluídas no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data de 25 de febreiro de 2.000.

Aprobar os proxectos reformados para a execución das obras que a continuación se relacionan, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento das obras nin do POS 2000 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0120.0	Construcción de beirarrúas marxe dereita estrada Santiago	14.240.818	2.257.691	868.343	17.366.852
00.2100.0291.0	Reforma e ampliación vestuario campo de fútbol municipal	12.480.000	3.520.000	0	16.000.000

23.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA BEIRRARRÚAS E SEGURIDADE VIAL EP 4803 MIÑO-PERBES, DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PROGRAMA DE RVL 1999. CÓDIGO 99.2400.0507.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar por un importe total de 57.373.742 ptas. o proxecto reformado da obra Beirarrúas e seguridade vial EP-4803 treito Miño Perbes, do concello de Miño, código: 99.2400.0507.0, incluída no programa de R.V.L. 1999 que foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 1999.

2º.-Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a

9.548.493 ptas. sobre contrata e 7.714.228 ptas. sobre adjudicación. O incremento financiarao integramente a deputación (código: 99.2400.0507.1)

Con isto os datos de financiamento da obra 99.2400.0507.0 quedan como segue:

	Financiamento Inicial	Financiamento Reformado	Diferencia
Deputación	23.912.625	33.461.118	9.548.493
MAP	23.912.624	23.912.624	
TOTAL	47.825.249	57.373.742	9.548.493

3º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeneral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

7º.- A aprobación definitiva deste proxecto reformado queda condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos no que se inclúe crédito suficiente para o financiamento do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado.”

24.-CONVENIO DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA CONCESIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCIONS ÓS CLUBS DE DEPORTES NÁUTICOS E ÁS FEDERACIONES DEPORTIVAS GALEGAS CON DESTINO ÓS CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS CON DOMICILIO SOCIAL NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sra. Santiago López

Xa andaba un pouco despistada buscando borregos que faltaban nese ambiente bucólico que nos presentaba o Sr. Varela, porque francamente parece que non quere entender unhas aseveracións moi ben fundamentadas que facía o voceiro do grupo socialista, e que seguramente eses borregos son os que fan non ver o que hai detrás da postura que el mantiña e que, neste caso, coincide coa nosa.

Non se cuestiona a necesidade de colaboración no campo do deporte coas fundacións, cos clubs, senón a forma en que se trae este convenio que repetidamente vén a esta corporación, e ademais presentándose por parte dos grupos da oposición uns fundamentos que coinciden ano tras ano e que non se varían en absoluto. Estamos participando nun convenio cunhas bases que establece a Xunta de Galicia nas que non se intervén en absoluto na súa elaboración primixenia, éntrase despois poñendo diñeiro e non se participa a posteriori na supervisión da xustificación deses fondos; non nos parece lóxica esta forma de traballar.

Xa con anterioridade presentamos a nosa posición a este punto, e neste caso vai ser exactamente a mesma, nosoutros votamos en contra deste convenio, cremos que debe de retomarse, non se debe de facer desta forma, nin moitísimo menos, porque se nos está substraendo, igual ca no caso do resto das subvencións, que queremos lembrar que son 3.200 millóns de pesetas, que se reparten nesta deputación sen ningún control por parte dos deputados e deputadas que formamos parte dela, cando menos desde a oposición. Non nos parece lóxico que se repartan estes millóns e que logo, a posteriori, aquí non se coñeza nin como se repartiu, nin en que se investiron, nin qué foi deses 200 millóns de pesetas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 13 deputados (10 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la subscripción dun convenio de cooperación coa Xunta de Galicia para a concesión de axudas ou subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e entidades deportivas con domicilio social na provincia da Coruña, segundo o texto que se axunta.”

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE

A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN

PROVINCIAL DA CORUÑA

En Santiago,

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne, Presidente da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

E o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do acordo plenario do de de 2001.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e para tal efecto;

EXPOÑEN

A Constitución asigna ós poderes públicos o fomento da educación física e o deporte, así como a adecuada utilización do ocio.

A Constitución Española, no seu artigo 148, apartado 1, número 19, establece que “As Comunidades Autónomas poderán asumir as competencias en materia de promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio”.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala que a competencia exclusiva na promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio recaerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/85, do 2 de abril asigna como competencia propia, entre outras das Deputacións Provinciais, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre os que se atopan o fomento das actividades deportivas e a colaboración coas Entidades que as fan posibles.

As federacións deportivas e os clubs deportivos, son os axentes sociais que tradicionalmente dinamizaron a práctica das actividades deportivas, actuando como colaboradores das Administracións e realizando unha inestimable función social.

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación Provincial da Coruña, veñen colaborando no mantemento destas funcións a través de programas de axudas ós clubs e federacións.

As Administracións sinatarias do presente convenio pretenden establece-la necesaria cooperación entre elas na materia á que se refire, mediante a coordinación voluntaria das súas actuacións.

A cooperación económica e administrativa que libre e voluntariamente conveñen as Administracións que subscriben o presente, desenvolverase baixo as formas e términos que se arbitran neste convenio de cooperación.

Os convenios administrativos son instrumentos adecuados para establece-los mecanismos mediante os cales se permita instrumentaliza-lo principio de coordinación interadministrativa voluntaria, ó abeiro do establecido no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do rexime local.

En base ó anterior, establécense no presente as técnicas orgánicas e funcionais a través das que as Administracións sinatarias reputan exercitadas as súas respectivas competencias e garantido o respecto da súa autonomía.

Presidido polos principios de simplificación administrativa, mútua colaboración e coordinación voluntaria, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña pactan, conveñen e outorgan o presente convenio de cooperación en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto do convenio establece-las bases de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, co fin de establecer un procedemento administrativo unitario que terá como fin o outorgamento de axudas e subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e

entidades deportivas, con domicilio social na provincia da Coruña, no marco das Ordes do 2 de xaneiro de 2001 (D.O.G. núm. 6, correspondente ó día 9 de xaneiro de 2001) e do 2 de xaneiro de 2001 (D.O.G. núm 9, correspondente ó día 12 de xaneiro de 2001).

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO.

A) A **XUNTA DE GALICIA**, achegará para atender tódalas finalidades ás que se refire o presente Convenio, **ata un máximo de DOUSCENTOS MILLÓNS DE PESETAS, (200.000.000 pesetas)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.04.355A.480.0. dos orzamentos para o ano 2001.

B) Con idéntico fin, a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, achegará **ata un máximo de DOUSCENTOS MILLÓNS DE PESETAS, (200.000.000 pesetas)**, con cargo á aplicación orzamentaria 0601/452.C/450.99 do orzamento provincial para o ano 2001.

A achega da Deputación da Coruña en ningún caso poderá ser superior ó 50% do importe total das axudas concedidas en virtude do presente convenio.

O importe que integra a achega da Deputación Provincial da Coruña incrementará os créditos destinados para atende-la finalidade descrita na cláusula primeira.

O libramento material da achega comprometida pola Deputación Provincial, farase unha vez sexa notificada a adopción das resolucións de outorgamento das correspondentes subvencións.

TERCEIRA.- TÉCNICAS ORGÁNICAS.

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte, efectuada a oportuna xeración de crédito, en virtude dos compromisos de achega contraídos pola Deputación Provincial ós que se refire o apartado B da cláusula segunda precedente, resolverá o outorgamento das axudas e subvencións que teñan por beneficiarias ás entidades deportivas con sede na provincia da Coruña.

Para tal fin, exclusivamente, nas comisións ás que se refiren os artigos 4º e 5º das respectivas ordes integraranse dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

As propostas de resolución, que deberán ser formuladas pola comisión avaliadora, precisarán da aprobación do presidente da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTA.- PROCEDEMENTOS E CRITERIOS.

4.1.- A concesión das axudas ou subvencións axustarase ó procedemento establecido nas anteditas ordes.

4.2.- O outorgamento das devanditas subvencións estará presidido polos criterios que se consignan nos artigos 4º e 5º das referidas ordes.

4.3.- Para a ponderación dos devanditos criterios, todos eles terán igual peso. A base de ponderación será cen.

4.4.-Adoptada a resolución definitiva da respectiva convocatoria de axudas e subvencións realizarase o oportuno traslado entre as partes asinantes do presente convenio.

A notificación das resolucións definitivas adoptadas constituirá o medio de xustificación inicial das achegas da Deputación Provincial, posibilitando que esta efectúe o pagamento ou transferencia delas.

4.5.-Con posterioridade, e unha vez efectuadas as transferencias de aboamento das subvencións outorgadas ós beneficiarios delas, a Secretaría Xeral para o Deporte, remitirá á Deputación Provincial a relación certificada das realizadas con indicación do destinatario, finalidade, importe e data. Constituirá a xustificación definitiva do emprego das achegas da Deputación Provincial da Coruña a percepción polo beneficiario do cento por cen de axuda.

Non obstante o anterior, a Secretaría Xeral para o Deporte procederá ó reintegro á Deputación Provincial, dos importes non empregados ou que puidesen resultar de incidencias ocorridas nas subvencións xa outorgadas.

QUINTA.- PUBLICIDADE.

Cando o desenvolvemento das actividades deportivas levadas a cabo polos beneficiarios das subvencións xere a inserción de publicidade nos medios de comunicación social, ésta deberá deixar constancia adecuada do cofinanciamento da actividade polas entidades sinatarias do presente.

Igual tratamento observarase na confección do material informativo de todo tipo ó que a actividade dea lugar (trípticos, carteis, programas de man...).

O tratamento identificativo das respectivas Entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Actuará de secretario un funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte, con voz e sen voto.

A Comisión poderá recabar asesoramento técnico cando o xulgue necesario para o mellor cumprimento dos seus fins.

SÉTIMA.- VIXENCIA.

O convenio estenderá a súa vixencia ata a finalización e total xustificación do programa que constitúe o seu obxecto.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente será causa bastante para a súa denuncia.

OITAVA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

Posúe o presente convenio natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, O PRESIDENTE DA DEPUTACION
DA CORUÑA,

Asdo.Manuel Fraga Iribarne

Asdo.José Luis Torres Colomer.

25.-CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA O FINANCIAMENTO DO IV CICLO DE CONFERENCIAS "AVANCES DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA".

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Vou agrupar os puntos 25, 26 e 27 porque se tratan de tres convenios con tres entidades distintas e con obxectivos distintos, pero cara a conformar convenios para darlle corpo a tres subvencións nominativas que están recoñecidas polo orzamento.

Anuncio que a nosa posición vai ser de abstención, fundamentalmente, e é xa un criterio que reiteramos en distintas ocasións, hai algún convenio, como o que se fai coa Real Academia Galega das Ciencias, onde practicamente no convenio non se avanza nada, é dicir, vén única e exclusivamente o título xenérico do que se vai financiar, ese ciclo de conferencias de avances da ciencia e a tecnoloxía, sen contrapartida ningunha para a deputación, e en todo caso nosoutros o que seguimos sen ver é o criterio que segue o grupo de goberno para chegar a acordos de subvencións nominativas con determinadas entidades para distintos obxectivos en distintas áreas de intervención, como pode ser a área de servizos sociais, que en todo caso para nosoutros correspóndese con acordos puntuais con determinadas entidades para tratar de sacar dese saco de subvencións xenéricas coas que teoricamente, se ten que funcionar cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, pero en todo caso o que non entendemos é que se faga con este tipo de fundacións e non con outras que, posiblemente, tamén teñan capacidade e posibilidade de intervir nestes campos, como pode ser a colaboración e actuación no ámbito da drogodependencia ou no ámbito dos servizos sociais.

(Auséntase o Sr. Fernández Moreda).

Polo tanto, efectivamente estando de acordo con que se asinen convenios para concretar as subvencións nominativas, non entendemos por que con estas fundacións e non con outras, e polo tanto ímonos abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (9 do PSOE e 15 do PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG e 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a subscrición dun convenio coa Real Academia Galega de Ciencias para o financiamento do IV ciclo de conferencias Avances da Ciencia e da Tecnoloxía, segundo o seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA A ORGANIZACIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS “IV AVANCES DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA”.

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación provincial

REUNIDOS

D. José Luis Torres Colomer, presidente da Deputación da Coruña.
D. Ernesto Vieitez Cortizo, presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ambas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio,

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten prevista a organización dun ciclo de conferencias en Ferrol, denominado “IV Avances da Ciencia e da Tecnoloxía”, que se desenvolverá ó longo do presente ano.

Que a Deputación da Coruña, consente da importancia que ten a divulgación das ciencias e máis concretamente das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas para a investigación que se vén desenvolvendo desde hai anos neste organismo, está interesada en colaborar na organización das citadas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Real Academia Galega de Ciencias e a Deputación Provincial da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes cláusulas.

PRIMEIRA.-

A Deputación da Coruña colaborará na programación, organización, difusión e promoción do ciclo de conferencias “IV Avances da Ciencia e da Tecnoloxía” que terá lugar no campus de Ferrol durante o presente ano, achegando a cantidade de dous millóns douscentas cincuenta mil pesetas (2.250.000.- ptas.)

SEGUNDA.-

O ciclo de conferencias celebrarase no campus da universidade, na cidade de Ferrol, que poñerá os seus medios técnicos a disposición da Real Academia Galega de Ciencias.

Estará dirixido a estudantes, persoal docente e todas aquelas persoas, en xeral, que estean interesadas no campo da ciencia e a tecnoloxía.

O ciclo será impartido por conferenciantes de renome e será coordinado e supervisado por unha persoa nomeada pola Real Academia Galega de Ciencias para tal fin.

TERCEIRA.-

A planificación e organización do ciclo correrá a cargo da Real Academia Galega de Ciencias, realizándose a dita planificación en base, fundamentalmente, a criterios orientados á consecución da maior calidade e prestixio do curso.

CUARTA.-

A deputación asumirá os gastos de organización, difusión e coordinación, que serán xestionados directamente pola Real Academia Galega de Ciencias.

QUINTA.-

A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do ciclo, para o cal deberá facerse constar de forma expresa o dito patrocinio en toda a publicidade que del se realice.

SEXTA.-

A academia elaborará unha memoria do ciclo de conferencias que poderá ser editada por calquera dos dous organismos.

SÉTIMA.-

A academia ofrecerá asesoramento á deputación en cuestións relativas a aqueles premios que a deputación convoque e que, pola súa natureza, así o requiran; igualmente intercambiará datos coa Biblioteca da deputación cando así se solicite e enviaralle dous exemplares das súas publicacións.

OITAVA.-

O importe da cantidade sinalada na cláusula primeira será transferida á Real Academia Galega de Ciencias, da forma seguinte:

*O 50% á sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo prepagable, que se ha xustificar ó seu cumprimento.

*O 50% unha vez realizados na súa totalidade os traballos a que se refire o obxecto do convenio, e trala xustificación previa delas a través das correspondentes facturas ou certificación detallada dos pagamentos realizados, expedida polo Sr. secretario da Real Academia Galega de Ciencias, co visto e praxe do Sr. presidente.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula primeira.

NOVENA.-

O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o día trinta e un de xaneiro de 2.002. A xustificación documental dos gastos materiais e persoais do cumprimento do presente convenio deberá presentarse antes do 31 de xaneiro de 2.002; a falta de presentación da dita documentación no prazo indicado, sen que medie solicitude razoada de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado ó que se lle deberá engadir o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

DÉCIMA.-

A Deputación Provincial da Coruña realizará seguimento da realización dos traballos por medio da Sección de Cultura e Deportes.

UNDÉCIMA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan surxir en relación con el serán competencia da Xurisdicción contencioso-administrativa.

O que en proba de conformidade asinan as partes no lugar e data indicados no encabezamento.”

A N E X O

ORZAMENTO DE GASTOS

Honorarios conferenciantes	700.000.-
Organización, coordinación e secretaría	400.000.-
Desprazamentos, aloxamentos e manutención	675.000.-
Presentación conferencias	200.000.-
Publicidade, programas, carteis	275.000.-
Total	2.250.000.-

26.-CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME- PARA ADAPTAR O CENTRO DE REHABILITACIÓN NO VAL DO DUBRA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (9 do PSOE e 15 do PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Monte do Gozo para financiar a rehabilitación dun centro de tratamentos de drogodependientes en Val do Dubra.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 10.000.000 de ptas.

A achega poderá efectuarse consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o que se incorpora como anexo ó presente dictame.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME PARA ADAPTAR UN CENTRO EN VAL DO DUBRA DE REHABILITACIÓN DE TOXICÓMANOS.

A Coruña, de de 2.001.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almu Supervía,

O Excmo. Sr. D. Jesús García Vázquez, Xerente do Padroado da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia,

EXPOÑEN

Que Proxecto Home Galicia dun programa educativo-terapéutico de rehabilitación e reinserción social de toxicómanos.

Que un dos principios fundamentais de Proxecto Home Galicia é a gratuidade. Nace e mantense como un servizo desinteresado e solidario ós toxicómanos e ás súas familias e á sociedade galega, neste sentido defínese como apartidista e aconfesional.

Que desde hai dez anos Proxecto Home Galicia atende na provincia da Coruña a un número determinado de xoves que encontraron no programa unha saída á drogodependencia.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

A deputación formula como obxectivo deste convenio o desenvolvemento da provincia dos recursos destinados á atención de toxicómanos, mediante programas educativo-terapéutico e de rehabilitación, colaborando coa fundación na adecuación da Comunidade Terapéutica Proxecto Home Galicia, situado en Cernadas-Portomouro-Val do Dubra, A Coruña, con capacidade para 84 prazas, concretándose a actuación da deputación no financiamento das obras incluídas no documento técnico redactado pola arquitecta Dna. Beatriz Vázquez Arcay, que figura como anexo e ata o límite da achega que se indica na cláusula 3ª.

SEGUNDA.-

A fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia comprométese á execución do proxecto, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio, realizando as obras establecidas. Serán do seu cargo, cantas autorizacións, seguros, licencias e cargas corresponda para a súa execución.

A fundación fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da obra a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente lle corresponde á fundación a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento deste, en canta información se solicite.

TERCEIRA.-

A deputación achegará un máximo de 10.000.000.- de pesetas=60.101,21 euros, para gastos de execución do proxecto presentado sendo a cargo da fundación a achega de man de obra e a restante achega que se requira para executar o proxecto, con cargo á partida 0701/313M/780.99 do orzamento vixente.

CUARTA.-

A.A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º pagamento: O 50% despois da presentación previa da documentación xustificativa á que se refire o punto B da presente cláusula.

2º pagamento: O 50% restante despois de xustificada a totalidade da obra, despois da presentación previa da documentación á que se refire o punto B da presente cláusula.

B. A documentación xustificativa requirirá.

1º) Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

2º) Execución das obras: Se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos destinos provedores.

3º) Sinalar a conta de titularidade da fundación para efectuar os pagamentos.

4º) Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficios industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

5º) Para o cobramento do último prazo requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para a que foi concedida.

6º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou declaración, se é o caso, de non ter outras axudas públicas ou privadas.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se para a realización do obxecto do presente convenio a fundación obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

QUINTA.-

O período de vixencia do presente convenio será ata a finalización das obras que constitúe o seu obxecto, debéndose presentar a documentación xustificativa antes do 30 de novembro de 2.001, tendo por tanto vixencia ata o 30.11.2001.

SEXTA.-

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do convenio.

SÉTIMA.-

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos con fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

OITAVA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº con data do de de 2.000.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE
FUNDACIÓN
DA DEPUTACIÓN

O XERENTE DA
MONTE DO GOZO

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Jesús García Vázquez

O SECRETARIO

Asdo. José Luis Almu Supervía

27.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA, PARA FOMENTAR A REDE DE VOLUNTARIADO NOS CONCELLOS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (9 do PSOE e 15 do PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia para fomentar a creación dunha rede de voluntariado nos concellos da provincia.

2.-A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 3.000.000 de pesetas.

A achega poderá efectuarse consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio que se axunta como anexo ó presente dictame.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA PARA A IMPLANTACIÓN E FOMENTO DUNHA REDE DE VOLUNTARIADO SOCIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA (REDEVOL).

A Coruña, de de 2.001.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almu Supervía,

Dna. Rosalía Mera Goyenechea, presidenta da Fundación Paideia.

EXPOÑEN

A lei 5/97 de réxime local para Galicia, establece no seu artigo 101, apartado 2, como fins específicos da provincia, asegurar a prestación integral e adecuada da totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Pola súa parte, a Lei de servizos sociais 4/93, determina no seu artigo 21, que son servizos sociais de competencia municipal, a creación e xestión de servizos sociais de atención primaria, é dicir, aqueles de nivel máis próximo ós usuarios, que terán entre outros obxectivos (artigo 7 da dita lei) o da mellora da cooperación e solidariedade, expresada no voluntariado social.

Para o logro dos ditos obxectivos na citada lei de servizos sociais, concrétese como competencia da deputación (artigo 22) o apoio económico ós concellos da provincia.

Á súa vez, a fundación Paideia, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a actuación no campo das ciencias humanísticas e sociais, particularmente na súa interacción coas áreas de sanidade, educación e servizos sociais.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial da Coruña, pretende mediante este convenio, levar a cabo un proxecto provincial de implantación e fomento do voluntariado social nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

O proxecto concretarase en propostas de actuación que poderán comprender tanto a realización de estudos de investigación, deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos de intervención, como a xestión de programas de animación, prevención e cooperación social, nos termos establecidos no artigo 8 da Lei de servizos sociais para Galicia 4/93 do 14 de abril.

As ditas propostas promoverán a concesión de bolsas para os estudos de investigación e deseño de proxectos como a contratación de traballadores para a xestión de programas de voluntariado.

As propostas serán presentadas pola Comisión Técnica de Seguimento, para a súa aprobación pola deputación.

SEGUNDA.- As actuacións que se van realizar terán como ámbito os concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes que contén ó menos cos servizos sociais básicos de actuación en atención primaria.

Para a xestión de programas da rede de voluntariado que requieran a contratación de persoal, promoverase a participación dos concellos beneficiarios, que poderán adherirse ó convenio, nas seguintes condicións:

1.-Tomar acordo de adhesión co fin de participar dos obxectivos e fins do convenio.

2.-Aceptar a proposta de actuación, posibilitando a realización dos traballos necesarios e facilitando a participación dos profesionais dos Servizos Sociais Municipais que sexa procedente.

3.-Dispoñer a contratación oportuna, participando no custo económico, que será cofinanciado pola deputación e a fundación Paideia nos termos que se indiquen na proposta que presenta a comisión e que conte coa aprobación da deputación.

4.-Asumir a obriga de presentar as xustificacións que sexan requiridas para o pagamento das axudas establecidas, consonte cos fins do convenio.

TERCEIRA.- Para o seguimento do convenio constituirase unha Comisión Técnica, da que formarán parte dous representantes das entidades asinantes, que serán nomeados polos seus órganos de goberno no prazo de 20 días desde a sinatura do convenio.

Serán funcións da dita comisión:

1)O estudo e elaboración das propostas de actuación, que serán aprobadas pola deputación.

2)Coordinar as actuacións das entidades que interveñan no desenvolvemento do convenio.

3)Arbitrar nos conflitos que se presenten en relación co desenvolvemento do convenio, entre as entidades implicadas.

Os seus informes e propostas serán remitidos ós órganos de goberno das entidades asinantes debendo incorporarse como anexo ó convenio, unha vez aprobada a correspondente aprobación.

A comisión reunirse ó menos cada tres meses, e sempre que sexa solicitado por unha das partes, actuando como secretaria a fundación Paideia.

CUARTA.- Para as actividades indicadas no presente convenio, a Deputación provincial destinará a contía de **tres millóns de pesetas**, con cargo á consignación orzamentaria 0701/313M/480.99 do vixente orzamento.

A fundación Paideia achegará ás accións indicadas a cantidade de **dous millóns de pesetas**.

Estas cantidades poderán ser incrementadas, se é o caso, polas que poidan chegar os concellos e a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, no caso da súa adhesión ó convenio.

QUINTA.- A)A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º)Pagamento inicial: 20% á sinatura do convenio despois da presentación previa de aval polo dito importe. Requirirá a presentación do plan xeral e o informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Patrimonio e Contratación.

2º)Para os pagamentos sucesivos da achega provincial requirirase presentación da proposta de actuación aprobada pola deputación, e certificación de gastos, con cargo a ela, así como informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

3º)Para o pagamento do último prazo ou xustificación final do convenio, presentarase memoria-resumo das actividades.

SEXTA.- O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización en documento administrativo e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2.001.

SÉTIMA.- O pagamento efectuarase do modo seguinte:

1º) Pagamento inicial: farase un pagamento inicial, unha vez asinada o convenio do 20% da achega provincial. Requirirá a presentación do plan xeral, e o informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

2º) Para pagamentos sucesivos da achega da deputación requirirase presentación da proposta de actuación aprobada pola deputación, e certificación de gastos, con cargo a ela, así como informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

3º) A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do convenio.

OITAVA.- Serán causas de resolución do presente convenio dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

DÉCIMA.- A fundación Paideia esará obrigada a:

- Convocar e tramitar propostas da comisión e a xestión de secretaría.
- Publicidade da colaboración económica desta deputación en tódalas actuacións.
- Xustificacións dos gastos correspondentes ás achegas do convenio.
- Pagamento da súa achega e da correspondente á deputación, se procede.

UNDÉCIMA.- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DUODÉCIMA.- Serán causas de resolución do presente convenio dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.

- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

DECIMOTERCEIRA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por R.P. nº , con data do de de 2.001.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PAIDEIA

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Rosalía Mera Goyenechea

O SECRETARIO

Asdo. José Luis Almau Supervía

(Sae o Sr. Campo Fernández).

28.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/01.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Dúas cuestións previas, dúas observacións. Unha delas que pensamos que este expediente debería ter figurado nos primeiros puntos da orde do día, entendemos que é o tema principal, e o tema que pode referenciar o debate. En calquera caso, efectivamente a orde do día confecciónao o presidente, pero entendemos nosoutros que sería positivo, e mesmo necesario, que os puntos deste calado se introduciran máis arriba na orde do día.

(Entra o Sr. López Sueiro).

E unha segunda apreciación respecto ó que son os criterios de normalidade e racionalidade á hora da convocatoria dos órganos previos ós que van estes temas, refirome ás comisións informativas, porque non é esta a primeira vez que deixamos constancia de que -ben, ás veces cando hai plenos extraordinarios hai que facelo-, pero efectivamente aquí hai unha mecánica que practicamente desde o segundo mes de

funcionamento desta nova corporación pois estase saltando o que é o réxime normal de funcionamento das comisións informativas, e iso introduce moitas veces mecánicas con moitas dúbidas respecto a cando se van convocar as comisións, mesmo de como chegan os temas a cada unha desas comisións, é dicir, que parece que ás veces as necesidades do grupo de goberno fan que colisionen tamén o que é o funcionamento normal de determinado tipo de departamentos, e hai certa colisión, sobre todo á hora, como dixen antes, de ter acceso a algunha documentación, o de que esa documentación, e non me refiro soamente a esa comisión, senón a outras, de que esa documentación estea total e absolutamente a disposición das compañeiras e compañeiros no momento en que se celebra a reunión.

(Entran os Sres. Fernández Moreda e Campo Fernández).

Indo ó expediente de modificación de créditos, este expediente nº 1, do ano 2001, dicía que nosoutros entendiamos que o tema era de suficiente calado como para figurar antes na orde do día porque estamos aquí para falar, máis nada e nada menos, que dun expediente de 3.752 millóns de pesetas, que se vai substanciar cando finaliza o primeiro trimestre do ano 2001, e que se financia, practicamente, enteiramente co remanente de Tesourería para novos gastos do pasado ano, que aínda así, segundo os datos que se nos ofrecen, elaborados polo servizo correspondente, quedaría como un remanente que sobe dos 2000 millóns de pesetas.

(Abandona o salón o Sr. González Garcés).

Con independencia dun debate que teremos que dar no seu momento, cando se faga esa discusión aquí no pleno sobre a conta xeral do ano 2.000, pero que xa adiantamos cando se fixo a liquidación, é dicir, que coñecemos, á luz dos datos que se ofrecen aquí, e sobre todo da utilización dese remanente de Tesourería, nosoutros pensamos que se pode estar xogando con tres hipóteses diferentes. A primeira delas é que se orzara moi mal, nosoutros pensamos que esta é evidente porque a simple lectura desa liquidación á que antes fixen referencia evidencia que, efectivamente, a liquidación do orzamento do ano 2000 chegou practicamente ó dobre do que tiñamos orzado, é dicir, tiñamos aprobado 21.000 millóns de pesetas un pouco longos, e a liquidación, que figura nese documento, do que se deu conta nun dos últimos plenos desta deputación, pois chegamos a unha liquidación que chegaba practicamente ós 40.000 millóns de pesetas, o cal é demostrativo de todo un exemplo de que non se orza ben, por moito que aquí se queira dicir que si. A segunda hipótese que poderíamos ter para saber por que está ese remanente de Tesourería aquí é que chegamos ó remanente simplemente porque está orzado mal, é dicir, pola primeira cuestión á que me referín. Nosoutros non cremos que iso sexa así total e absolutamente, é dicir, si que se orza mal pero o remanente de Tesourería do que dispoñemos está derivado, pensamos nosoutros, doutro tipo de razonamentos, que sería a terceira hipótese, que é coa que nosoutros nos quedamos: o remanente de Tesourería responde en realidade a unha política intencionada por parte da deputación, por parte do grupo de goberno, para dispoñer

dunha maneira extraordinaria dun volume importante de cantidade orzamentaria fora do que está marcado nas coordenadas orzamentarias do ano 2.001, é dicir, un orzamento, digamos paralelo, extraordinario, e practicamente cando levamos tres meses deste exercicio, do exercicio 2.001. E esta hipótese vese confirmada por un dato que todas e todos coñecemos, que é que estamos en ano electoral.

Dito isto no tocante ó contido, e no tocante a esa referencia dese volume importantísimo deste expediente de modificación de créditos, que xa digo, quedan para unha segunda entrega eses dous mil e pico de millóns de pesetas que aínda existen en remanente de Tesourería, imos ó que son o contido das partidas “estrela” que se pretende abordar con este expediente de modificación de créditos. E aquí imos, inevitablemente, ou temos que volver inevitablemente, e eu non vou ser reiterativo, pero dígoo para que se vexa como se viste o santo, e leo, dentro do expediente de modificación de créditos, gastos: “obras pendentes: 479 millóns de pesetas; obras pendentes: 107 millóns de pesetas; obras pendentes: 174 millóns de pesetas; obras pendentes: 15 millóns de pesetas; obras pendentes: 384 millóns de pesetas; obras pendentes: 37 millóns de pesetas”. Isto suma, Sr. presidente, a frioleira de 1.269 millóns de pesetas longos de obras pendentes. E segue: “obras de reforma: 187 millóns de pesetas; proxectos reformados: 42 millóns de pesetas; liquidacións: 75 millóns de pesetas.” Se sumamos todas estas cantidades, do conxunto do expediente temos case 1.600 millóns de pesetas en reformados e liquidacións. E isto evidencia, claro que temos que volver ó debate, ¿como non imos volver ó debate?, ¡agora que vestimos ó santo! porque parece que cando aprobamos os reformados é unha cuestión de carácter técnico, non, os reformados, despois hai que vestilos, agora poñémoslle o traxe ós santos e temos 1.600 millóns de pesetas en traxes, en reformados e en obras novas. E esta situación, pensamos nosoutros, evidencia que aquí máis alá da cuestión estritamente técnica, haberá que dar un debate político. Entón, primeiro, aquí non hai unha verdadeira política de racionalización no tocante ás programacións, e moito menos supostamente referida á pretendida planificación. E quero dicir aquí que foi reiterada a opinión do conxunto do grupo de goberno e do presidente especialmente en buscarlle unha solución a un problema que se dicía que viña derivado da política de planificación anterior. Sigo dicindo que estamos no ecuador da lexislatura, e seguimos con reformados. E cando van estes dous anos de corporación, que efectivamente non hai un proxecto político innovador, seguimos vestindo o santo, que é peor, é dicir, seguimos arrastrando os problemas, pero o que é máis grave: nosoutros pensamos que non se está introducindo, e aquí si que coincidimos tamén co que dixo antes o voceiro do grupo socialista, de que efectivamente non se está atisbando ningún tipo de novidade en canto ó que poida ser a política futura por parte desta institución, que mentres que teña que prestar unhas competencias, saibamos que as presta e en que condicións as presta. Unido ás cantidades ás que me acabo de referir, é dicir, case 1.600 millóns de pesetas para facer fronte a reformados, temos 615 millóns de pesetas longos que van destinados a facer fronte ós honorarios de seguridade e saúde, e supoñemos tamén que ós reformados, dígoo polo volume, polos 615 millóns de pesetas, das obras incluídas no famoso plan de parques de bombeiros e de instalacións

de protección civil. E aquí, Sr. presidente, nosoutros temos que facer unha consideración, a consideración é que a nosoutros nos parece escandaloso do que estamos facendo precisamente hoxe a través dese expediente de modificación de créditos é encubrir con fondos públicos a existencia das responsabilidades políticas que se queren ocultar, porque aquí alguén terá que ter responsabilidade de todo iso, e desde logo o noso grupo non a ten. ¿Quen deseñou este plan, para que agora teñamos que facer un expediente de modificación en seguridade e saúde e en reformados de proxectos concretos, de máis nada e nada menos que de 615 millóns de pesetas? ¿Quen deseñou este plan? ¿Vennos imposto pola Unión Europea, pola comunidade autónoma, polo Goberno do Estado, ou polos concellos?, ¿quen o impuxo?, ¿quen o aprobou?, ¿hai responsabilidades políticas en todo isto? Algunha haberá. E por certo, quero aproveitar para aconsellarlle ós membros desta institución que lean os debates que se substanciaron aquí correspondentes á aprobación das bases que regulaban este plan e das primeiras fases deste plan, e sobre todo, que lean todo ¡eh!, que é bo ler a todo o mundo, pero sobre todo que lean o que dicía o Bloque Nacionalista Galego, porque ó mellor ata se lles espabila de repente a idea de que alguén, e non porque tiveramos a boliña máxica, senón porque é así, e ademais, os que non estaban que o lean, e os que estaban naquela corporación que o repasen, como o caso do Sr. Varela que ten que repasalo, eu non lle vou tomar a lección, pero ten que repasalo, xa verá como vai ler cousas que lle van chamar poderosamente a atención.

Entón, nosoutros non podemos aprobar este tipo de partidas que obedecen a decisións políticas que xa no seu momento deron lugar a amplos e intensos debates, e nas cales xa se alertaba sobre a posibilidade de que estiveramos facendo unha especie de xigante con pés de barro, e agora estamos metendo o barro por debaixo, pero non deixa de ser barro, ¡eh!, non deixa de ser barro.

Entro noutro punto do expediente de modificación de créditos, e é algo que xa se tocou aquí, por iso eu dicía antes que me gustaría que este tema se discutira hai tempo e non no expediente de modificación de créditos, que é o tema das axudas ós concellos, axudas entre comiñas, polo tema das inundacións e o temporal. As inundacións e o temporal son axentes meteorolóxicos, non é provocado nin polo goberno nin polo ser humano, desgraciadamente son axentes, aínda que ás veces os humanos contribuíamos a que estas situacións de desgracia se agraven con decisións de cómo facemos as cousas. Pero neste caso é evidente que estamos diante dunha situación sobrevida. Desde que se falou aquí por primeira vez de que a deputación ía acometer con fondos propios -porque iso foi o que se falou, que a deputación ía acometer, que ía colaborar cos concellos da provincia, iso foi o único que se aprobou, non se aprobou máis ca iso, e foi unha declaración de fe, unha declaración de intencións-, ata o día de hoxe pasaron moitos meses, e desde logo eu creo, con toda sinceridade, que para aprobar o que vamos aprobar hoxe e o que se propón aquí, non foi precisamente un síntoma de moita axilidade por parte da Deputación da Coruña, porque leva chovendo desde o mes de setembro, parece ser que incluso vai seguir, esperemos que non, pero ben, se temos que votar votamos que non chova máis, pero en

todo caso, non creo eu que fora unha mostra de axilidade -xa sei o que está pensando algún, que se vota o Bloque que non chova máis, vai chover, entón abstémonos, pensando niso ímonos abster-, pero quero dicir que, efectivamente, non houbo, Sr. presidente, moita axilidade e nosoutros compartimos totalmente que o método que se escolle e os criterios de reparto deixan moito que desexar. E voulle dicir por que, e xa debatemos algo disto, paréceme, no último pleno: o Estado, e que nos conste a nosoutros, tamén a comunidade autónoma, pero en concreto un organismo que queda a 350 metros desta casa, que é a delegación do goberno ou a subdelegación do goberno, que nos queda a moitos menos metros, seguramente que teñen neste momento unha táboa coa consignación específica do que pediu cada concello -deben de tela-, a través dese sistema que se articulou, e onde se concretan as indemnizacións, ou as perdas que tiveron. ¡Que facil nos sería a nosoutros facer unha distribución xusta e equitativa!, porque se temos 470 millóns de pesetas, fagamos unha distribución partindo, se é que partimos, de que os datos que nos están achegando os concellos son certos, e polo tanto facemos unha distribución xusta e equitativa. Ben, pois esta deputación opta por outro sistema, que é café para todos, e o café para todos é malo, primeiro: porque hai quen non pediu café, e eu teño que recordar que hai, me parece 20 concellos da provincia da Coruña, non sei se son tantos, vou deixar a cifra no aire, pero paréceme que case chegan a vinte, que non pediron a través dese sistema ningún tipo de subvención. Entón, como eu quero crer que cada alcalde ou alcaldesa é libre e é sensato para saber o que ten que facer, eu digo que cando non pide esta deputación tampouco está obrigada a darlle, e ademais cando non pide, seguramente será porque ó mellor non tivo ningún tipo de desperfecto. Pero claro, que despois ó final eu saiba que hai concellos, e aquí hai algún representante dalgún deles, que chegaron a taxar as perdas en 300, 400 e mesmo 600 millóns de pesetas, e que van a levar cinco millóns de pesetas da deputación, igual có que non pediu nada, pois a verdade, eu, ese espírito, eses criterios de racionalidade e de xustiza, e de equidade dos que tanto presume a Deputación da Coruña, nese caso escápanse por un furado como se fora unha corrente de aire. E polo tanto o que podería ser unha boa idea -que non era mala-, que a deputación contribúa co conxunto dos concellos, pero que o faga equitativamente e con criterios de racionalidade, convértese en algo total e absolutamente distinto. E xa digo, non iamos chegar máis tarde; mesmo iamos chegar antes, porque eses datos dos que eu lle acabo de falar, que son as consignacións que fixo cada un dos concellos das perdas que tivo, están, paréceme, desde hai vinte días ou un mes, aí, e polo tanto é aplicar as matemáticas e saber o que lle temos que dar en función do volume global que temos.

E vou terminando respecto ó contido dos temas máis fundamentais que figuran dentro do expediente de modificación de créditos. Figuran 300 millóns de pesetas para, segundo se di, suplementar unha cousa que se chama Plan de recursos turísticos, que se engaden, entendo eu, ou entendemos nosoutros, ós 425 millóns de pesetas que con esta mesma finalidade figuran xa nos orzamentos que foron aprobados no mes de decembro do ano 2.000. E preguntámonos nosoutros: claro que é necesario promover o turismo, ¡só faltaría!, pero ¿onde está o contido do citado plan?, ¿onde foi aprobado, en que comisión se presentou, en que debate se suscitou, a través de que

comunicación se nos informa que vai ser publicada no Boletín Oficial da Provincia, que é o método que ultimamente se elixe para este tipo de cousa, é dicir que nos informemos na comisión de que a semana anterior publicouse no Boletín Oficial da Provincia unha subvención?, ¿onde está o contido, as bases e os criterios para repartir máis nada e nada menos que 725 millóns de pesetas?, ¿onde están? Pídesenos aquí que votemos a favor dunha cousa que é “infumable”. ¿Non parece moito diñeiro, 725 millóns de pesetas, para ser unha competencia que non é da deputación?, porque que eu saiba, paréceme que hai unha Dirección, ou unha Subdirección Xeral de Turismo da comunidade autónoma, e se esta deputación quere colaborar, utilice tamén os recursos que hai, pero ¿cara a que tipo de Administración imos?, ¿onde está o fornello único que se falaba aquí?, se estamos creando “chiringuitos” paralelos a todo o que ten a Administración autonómica, estamos facendo unha Xunta-bis, pero mal, porque á parte de estar copiando en pequeno, estamos copiando posiblemente na parte onde hai máis defectos, non na parte onde hai máis virtudes.

Nosoutros pensamos, Sr. presidente, que isto non é absolutamente ningunha forma de racionalizar os recursos públicos, establecer por primeira vez 725 millóns de pesetas para un plan que non se sabe si existe. Que conste aí.

E polo tanto, e termino, Sr. presidente, este non é un expediente de modificación de créditos que queira favorecer ós concellos, por moito que algúns ou moitos deses cartos vaian dirixidos a obras dalgúns concellos. Favorecer ós concellos implica favorecer os da seguinte maneira, que é implementando políticas que sexan verdadeiramente xustas e equitativas, e que atendan verdadeiramente ás necesidades básicas que teñan os nosos concellos, e non inventando plans e suplementando outros que non se sabe realmente se existen ou non.

E desde logo, nosoutros seguimos negándonos a que esta deputación vaia dunha maneira progresiva creando paralelamente novas competencias en torno a outras que xa están definidas por outros órganos, neste caso concreto por parte da Xunta de Galicia. Porque se hai que facelo así e evitar que haxa colisión de varias Administracións, vaíamos claramente a onde temos que ir: ós concellos, ¿a que nos inventamos novos “chiringuitos”? ¡si xa está!, non hai que inventar nada novo, xa temos a comunidade autónoma, o Estado e a Unión Europea, vaíamos claramente ós concellos, porque supoño que aquí ninguén defenderá que os concellos teñen que desaparecer. Aquí o que se está facendo é unha política total e absolutamente errada.

E termino cunha intervención cordial para o meu compañeiro portavoz do Partido Popular, o Sr. Varela. O Sr. Varela pode facer dúas cousas: pedir un intérprete cando eu falo, ou prestarme máis atención. Eu quixera que votara pola segunda. E eu dixen algo moitísimo máis distinto, Sr. Varela, primeiro porque eu non son partidario diso, e iso si que llo podo demostrar, e lévollo demostrando, eu non son partidario de que aquí se lle quite a palabra absolutamente a ninguén. Eu o que pedín Sr. Varela era situarme e saber en qué punto estaba, e eu sabía en qué estaba, a gran diferenza é que a

vostede non lle interesaba saber no que estaba, é dicir, como dixo o Sr. presidente, claro, “estamos en todos e estamos nalgúns”, e vostede ¿en cal estaba?, nalgún pero, ¿en cal?, esa é a pregunta que lle fago, eu non son tan avanzado coma vostede, eu teño que situarme: o punto 7, pois falo do punto 7; o punto 8, pois o punto 8. Iso é de mero sentido común. Teña vostede por seguro que eu non vou propoñer, estando na oposición, nin favorecerei nunca estando no goberno desta deputación que vostede non fale; todo o contrario: procurarei que fale moito, pero do punto en que estamos, que é o que se fai en tódalas Administración, e ¿en cal estabamos? Velaí a cuestión. Xa se saberá, cando votemos, unificamos. Con cordialidade, Sr. Varela, que non teño nada en contra de vostede, que ademais levámonos moi ben, pero temos que entendernos mellor, claro, esa cordialidade hai que levala á práctica, eu non quero quitarlle a palabra, todo o contrario, e eu xa sei que falo -ben, falaba-, moito máis có resto, falaba ¡eh!, e o Sr. Mouriño que leva conta ultimamente das intervencións, xa sabe que non son eu, a marca está traspasada, a testemuña tena o seu compañeiro de grupo. Máis nada e moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Facendo unha análise da liquidación do orzamento do ano 2.000, estamos pendentes, antes deste expediente tivemos ocasión de ver a conta xeral do orzamento correspondente, que parece ser que non está aquí. O que si podemos ratificar, consonte con esa liquidación, que o orzamento definitivo do ano 2.000 foi de 41.000 millóns, aproximadamente, e que como remanente de Tesourería, nesa resolución do presidente, aparecen 15.259 millóns como remanente global, e remanente de Tesourería para novos gastos de 4.265 millóns. Quere dicir con isto, e xa o noso voceiro, o Sr. Fernández Moreda, falou de que as obrigas contraídas foron de 22.000 millóns, o que equivale a unha execución do 54,38% do orzamento, é dicir, de cada cen pesetas gastáronse 54 e deixáronse sen xestionar 46. Pero se a isto engadimos algúns gastos que son para facer inescusablemente, como son os gastos de persoal, Capítulo I, ou os activos e pasivos financeiros, se se vai ó crédito, ou se non se vai, e as amortizacións de capital e de xuros, que son os que dan estes dous criterios, teríamos que, indubidablemente, incrementase nun 25,22% a non execución orzamentaria. É dicir, que estamos ante unha non execución real do 79,6% do orzamento, o que significa que vostedes gastaron 20 pesetas realmente de cada cen en algo que é o centro, o punto central do orzamento, como son fundamentalmente os invsetimentos da institución e as transferencias de capital ós concellos. En resumo: non chegaron ó déficit cero; chegaron ó déficit de -80, pero claro, os prexudicados son fundamentalmente os concellos e os cidadáns da provincia.

Aí quedan estes datos para a reflexión, aínda que sabemos que non é o momento de debater a liquidación do orzamento, na conta xeral daremos este debate, pero se estas conclusións teñen que afirmarse aquí porque indubidablemente teñen moito que ver co punto da orde do día que imos debater, que intentarei ser o máis breve posible, e que é o expediente de modificación de créditos nº 1 do exercicio

2.001, no cal dese remanente dispoñible gástanse 2.200 millóns, e quedan, aproximadamente, para novos gastos, se hoxe o pleno o aproba, 2.054, é dicir, aproximadamente nos queda un 50% dispoñible para o que queda de exercicio.

E curiosamente quero facer varias reflexións, intentarei, repito, ser o máis breve posible, nun ano en que en outono haberá unha consulta que nos levará ás urnas ós galegos, ¿e terá que ver este gasto acelerado, tan rápido, con isto? Esa é a primeira reflexión, ou a primeira pregunta. A segunda reflexión sería a política económica que nos anunciaba no debate do orzamento preventivo o Partido Popular. Falabamos da contención das operacións correntes, Capítulos I ó IV, esa era unha das facetas que aquí se esgrimían como elemento básico para defender o orzamento preventivo, pero xa nos encontramos que ese gasto corrente, Capítulo I a IV, a modo de contagotas, empézase a incrementar nunhas partidas que supoñen ó redor de 375 millóns, é dicir, estannos incrementando os gastos correntes nun 1,65%, tendo en conta que as premisas de gastos de persoal para este ano eran do 2%. É indubidable que de incrementarse o gasto corrente estamos na tesitura de que baixamos os investimentos, sexan propios ou sexan de cara ós concellos, é dicir, estamos incrementando o gasto corrente, estamos deixando sen executar debidamente o orzamento do 2.000, non quere dicir que non existan obrigacións concretas que se reflicten neste expediente de modificación de créditos, e coas cales o grupo socialista está de acordo. É dicir, todo o referido ó capítulo de investimentos propios ou futuros investimentos nos concellos, se o grupo socialista o valora favorablemente, pero encontrámonos que sen dúbida falla algo, falla a xestión como explicou con anterioridade o meu compañeiro e portavoz titular do grupo provincial socialista, que temos un bo conxunto de funcionarios e de técnicos pero que falta eficacia política na xestión, falta a dirección política.

E xa entrando nalgúns aspectos importantes deste expediente, aínda que tódalas partidas son importantes, non cualitativa senón cuantitativamente, estívose falando durante o debate dos temporais. É indubidable que levamos unha temporada en Galicia que temos un clima que asolou algúns concellos, digo asolou porque algúns concellos estamos en precario tremendamente nas distintas vías. Quero recordar que o grupo socialista presentou unha iniciativa nesta institución para que se tivera en conta, o presidente asumíuna e falou de dar cinco millóns por cada un dos concellos da provincia. Non é suficiente, e agardamos que nese grupo onde están representadas tódalas institucións, e tamén a Deputación provincial, e os representantes dos concellos, a través de FEGAMP, que xa se recibiron nos concellos o 20% desas cantidades, agardamos recibir outras cantidades a maiores, esperamos que esas cantidades sexan a fondo perdido, e esperamos e desexamos que os estragos nos particulares sexan atendidos, como nalgún concello individual me consta que ata agora non foron.

Dentro dos programas, un programa que se incremente e que aquí se fixo referencia, é o programa de turismo, que aparece agora en transferencias de capital ós concellos, curiosamente en investimentos, que nos gustaría saber a que van ir

destinados, cales van ser as bases, porque é unha partida realmente importante e que pode ser favorable para os concellos onde o turismo ten un aliciente moi importante. Estamos ante unha cantidade de 725 millóns, referíndose exclusivamente ó ano 2.001, aínda que entendo que o presidente xa nos anunciou que no ano 2002 ía ser unha cantidade máis ou menos semellante.

Logo temos tamén unha serie de, digamos vulgarmente, parches, a esa xestión, non atinada, non imos dicir nada, non atinada do equipo de goberno anterior, que recordo que estaba sustentado polos deputados do grupo popular, de cara a reformados, liquidacións, etc.

E xa, para ir terminando, dicía no inicio da miña intervención, que quedaban un total de 2.054 millóns do remanente de Tesourería, e o grupo socialista, que sempre fai achegas, ou intenta facelas, de forma constructiva, faise esta pregunta a modo de proposta, ¿por que as obras que pediron no Programa operativo local, e que quedaron como suplentes, digamos, no pasado pleno, por que non se inxectan unhas cantidades ás que queden despois das baixas correspondentes e asúmense?, ¿por que non se suplementan os complementarios do Plan de obras e servicios que temos aínda pendentes?, e por último ¿por que non se estudia a forma de acometer axudas para o mal, chamado vulgarmente das “vacas tolas”, en cuestión de reposición de gando? Agardamos as respostas do equipo de goberno e logo anunciaremos o noso voto. Moitas grazas.

Sr. Erias Rey

A verdade é que, como non podía ser doutra maneira, estiven tomando notas e escoitando con toda atención, ata coa mirada, o que se nos comentaba no pleno do día de hoxe a propósito, por unha parte, dunha cuestión que eu creo que era máis de filosofía política que de toma de decisión e análise de cada un dos puntos, como parecería un pouco aconsellable. Os señores deputados portavoces empregaron o seu tempo en facer valoracións, todas elas respetables, e intentar mellorar o labor deste grupo de goberno. Este grupo de goberno, xeneroso, toma boa nota do que os señores deputados nos dixeron, pero miren vostedes: se todo é susceptible de melloras, coas súas propostas, non teño ningunha dúbida de que os concellos da Coruña estarían seriamente preocupados e empeorarían de forma notable, non teño ningunha dúbida. E voules explicar un pouquiño o por qué, e voulo explicar porque, home, eu creo que ás veces hai que utilizar o tempo que a cada un lle corresponde, certamente coa xenerosidade de que non hai límite, pero direi que non hai unha falta de xestión, eu creo que non é correcto, creo que non é correcto, e vou intentar argumentar todas e cada unha das cuestións que me foran sinalando os distintos grupos e que me fan pensar en que probablemente o que teñan é unha certa contradicción interna entre o que vostedes nos propoñen que fagamos, e logo o que vostedes critican, porque ás veces están criticando o que ó mesmo tempo están propoñendo que se faga, vostedes criticannos que traíamos este expediente de modificación de créditos a este pleno, din

que é precipitado, fan caso omiso de que o primeiro hai que aprobar a liquidación da conta, fan caso omiso e din: “é que veñen moitos expedientes de modificación de crédito”, e cando se trae un e se agrupa entón esa non é a mellor maneira de facelo, cando se cumpre cos compromisos adquiridos, que é que todos e cada un dos concellos da provincia disfruten nas mellores condicións das obras comprometidas e dos investimentos que se ían realizar neles, entón din que facemos demasiados reformados e que nos preocupamos moito dese día a día e que non temos proxecto político de futuro, cando traemos plenos de futuro vostedes din que queren saber para que é ese plan de turismo, oia, non só o puxemos no orzamento, senón que temos decidida vocación de suplementalo, e temos a responsabilidade, e así o traeremos cando estea elaborado, para o seu debate e posterior aprobación, se procede.

Polo tanto, eu creo que en termos xerais, o pleno de hoxe é un pleno de reflexión sobre, entre comiñas, o que non se debe de facer, e non se debe de facer este tipo de crítica sen argumentos, porque senón, ó final dá a impresión de que todo vale. e aquí non vale de todo, e imos explicalo: mire, nunha análise seria e rigorosa, e a vostede, Sr. Lagares, agradézolle as consideracións que sinala, e nalgunhas cifras pois se achegou realismo nelas; noutras nembargantes, creo que non, e voulle dicir por que, e ó Sr. Doval aplícolle a mesma menciña, que ten ademais bos resultados, e os resultados son os seguintes: ler tamén o que este deputado noutras ocasións amosou aquí e que se somete a mellor criterio e a crítica fundada de todo aquilo que puidera dicir, e de certo vou intentar contestarlles. Mire, xestionáronse 36.618 millóns de pesetas, dos 40.979 que vostede di, xestionáronse, polo tanto xestionouse máis do 90% do crédito orzamentario. Dos créditos xestionados quedaron un 1,96% da totalidade de créditos en fase RC, é dicir, retención de crédito, fase previa, como saben vostedes, á autorización de gasto, pero xestionáronse, porque ata chegar á fase 0 hai que percorrer todo un conxunto de tempos, de procedementos, de desenvolvemento de cada unha das circunstancias que se van presentando en todas e cada unha das iniciativas, que non se fai, que sendo moi bos os funcionarios, non se estea xestionando; estase xestionando; estase desenvolvendo a execución do orzamento, polo tanto a execución do gasto público, seguindo o procedemento que hai que seguir, que é o axustado á legalidade e a cómo, con todos estes criterios de transparencia, véñense facendo nesta deputación as cousas.

Polo tanto, dígolles que soamente o 1,96% da totalidade de créditos quedou na fase RC, na fase A, autorización de créditos, quedan 3.459 millóns, dos 40.000, o cal representa un 8,44% en fase D, compromiso de gasto, quedaron o 24% da totalidade dos créditos, en fase D, de toda esa totalidade, que vostede di. Entón, á vista destas cuestións, eu creo que se xestionou un volume importante de recursos, que se xestionaron atendendo ás dificultades propias de cada un dos plans, pero respondendo sobre todo co compromiso certo de que os concellos van dispor das obras nas mellores condicións posibles, e que iso, aínda que nos supoña un importante esforzo financeiro, é un compromiso político que o noso presidente e este grupo de goberno vai seguir implementando. E na última Comisión de Economía, Facenda e Contas xa lles sinalei

que sería necesario tamén, pero aínda se está valorando, a mellor maneira de aplicar o gasto, de aplicar a parte de remanente de libre disposición para suplementar outros programas, para desenvolver novas iniciativas, e para, asemade, atender as necesidades que se vaian presentando. Polo tanto, creo que non é, entre comiñas, o máis adecuado dicir que non se xestionou. E non se poden facer ese tipo de comparacións sobre o que son os créditos definitivos porque senón, ó final, dá a impresión de que todo serve, e eu creo que non todo serve, hai que ver todo o proceso, e hai que ver cómo se desenvolve a xestión, e hai que ver que tipo de recursos estamos manexando, e que tipo de compromisos estamos, diríamos que dalgún modo cumprindo.

Miren, eu procuro facelo, dentro da miña capacidade, co mellor oficio do que dispoño, pero a política económica desenvolvida por esta corporación é unha política económica coherente, e é coherente porque nosoutros asumimos, efectivamente, que había que conter o gasto corrente, que había que facer un esforzo importante en achegar ós concellos a autonomía financeira maior, é dicir, achegarlles a eles a posibilidade de contratación e desenvolvemento das súas obras, e por iso moitas das cuestións que estan no Capítulo VI pasaron ó Capítulo VII, e por iso tamén moitas veces as iniciativas de desenvolver determinados reformados, cando a iniciativa é da deputación a fan os técnicos da deputación, cando a iniciativa é dos concellos fana os propios concellos.

Non é certo o que nos di, Sr. Lagares, de que se rompe o principio de que o gasto corrente non se mantén nesa liña de contención. Vostede di, e dinno ben, pero non o di en toda a súa totalidade, que Capítulo I, Capítulo II e Capítulo IV increméntanse en 374 millóns de pesetas, pero Capítulo VI e Capítulo VII increméntanse en 3.377 millóns de pesetas, se iso o proxectamos, que non é correcto facer iso, vostede sabe que tecnicamente non é correcto, pero se o proxectamos sobre o orzamento preventivo aprobado en decembro, mesmo a relación gasto corrente, gasto de investimento sería máis favorable para a política que defende o grupo de goberno, mire vostede a relación que hai entre 300 e 3.000, pois fíxese vostede, neste caso traémolo aquí, pero taémolo aquí, asemade que lle quero lembrar, con esa vontade de cumprir co comprometido, ou co que..., claro, sr. Doval, vostede fala de programación, vostede fala de plans, ben, pois aquí hai plans, na deputación hai plans, plans que se están executando, Sr. Doval, pode parecerlle xocosa a plabra plans, pero nembargantes vostede reclámaa, e deféndeaa como filosofía, eu probablemente non, pero nembargantes o que si lle digo é que o que está programado, que me gusta máis o tema programación que planificación polo que supón dese xuízo valorativo no tocante a aspecto coercitivo, que eu creo máis na liberdade que na coerción, pero en calquera caso, dando por válido o que vostede argumenta, voulle dicindo que aquí hai uns plans, e hai uns plans que teñen o catálogo do que vostede dixo, efectivamente, obras reformados, máis tipo de modificacións, e mesmo cambio dalgún proxecto. É verdade, está aquí, e está aquí porque o queremos facer o mellor que entendamos, ata onde alcancemos, escoitando a tódolos nosos alcaldes da provincia, a todos e a cada un deles, ó de Ferrol, que por exemplo no estadio da Malata hai que cambiar o proxecto, e

iso necesita 27 millóns máis, e para o vindeiro pleno traémolo aquí, igual que traemos o de Coristanco, o de Serra de Outes, o de Noia, Ribeira, o calquera outro concello que vostedes se poidan imaxinar, porque saben vostedes que tamén esta corporación -non sei se por primeira vez porque non levo catorce anos e ás veces a experiencia lle produce a uns certa nebulosa no tocante a ese recordatorio-, pero o que si teño que dicirille é que o ano pasado trouxemos, preventivamente, do remanente de Tesourería a retención de crédito de 800 millóns de pesetas para desenvolver o que vostede pide, un debate político nesta cámara sobre como había que facer as cousas e en que iamos a gastalos, e como iamos gastalos, e a quen iamos atender, relación de todas e cada unha das obras coa consignación orzamentaria, que é lóxico, que a acompañaba.

Por iso, falando de consignación orzamentaria, temos decidida vontade de facer un Plan de turismo, e por iso o suplementamos este ano con 300 millóns de pesetas, estamos elaborando as bases, que teñan uns criterios obxectivos, é dicir que, aplicada a mecánica deses criterios sobre o monto global do investimento, produza uns resultados, e asemade, Sr. Lagares, que sexan unha transferencia, nun caso de investimentos, noutro de equipamentos, ou noutro caso das accións que o propio plan defina, e que posteriormente se aprobaron, pero sabe vostede que se non hai crédito, dificilmente imos montar unha cousa no aire, primeiramente xeneramos o crédito, diremos qué esforzo estamos disposto a facer, e posteriormente explicaremos e trataremos de aprobar aquilo que desexamos levar a cabo.

Polo tanto, eu dígolles que de certo síntome un pouco confuso, porque podo repasar todas e cada unha das obras e claro, vostedes van collendo retallos soltos de cada un dos asuntos, e logo lánzanos como dardos cara o equipo de goberno. Iso non é control, iso non é control. Control, en primeiro lugar, é explicitar, e imos explicitar, e eu se queren fágoo, e se non, fágoo na contestación, todas e cada unha das obras, ¿por que estamos atendendo protección civil?, ¿por que desenvolvemos un Plan de bombeiros? E iso, ¿sabe que é?, non é invadir competencias doutras Administracións, lamento non compartir con vostedes, porque o dixeron ademais os dous grupos, que estamos subvencionando á Xunta, non, aquí si que discrepamos. A política de futuro hai que facela sobre a base da cooperación interinstitucional, sen pisar, para nada, os uns ós outros, pero cadaquén sabendo o que fai, e nosoutros sabemos o que facemos, non imos, porque xa falamos previamente coa Secretaría para o Turismo da Xunta de Galicia, co Plan director de turismo do reino de España, e sabemos precisamente o que van recibir os concellos e qué apoio que van ter para o turismo, ¿acaso o turismo non é unha actividade de futuro e unha actividade importante para os nosos concellos?, ¿acaso a deputación, como “concello de concellos”, non ten responsabilidades para poder asumir o que outras Administracións non poden desenvolver? Home, a min chócame de verdade que vostedes nos falen de que queren planificación e que asemade, ben, aquilo que se pode cooperar, e que é a base do futuro, que é esa cooperación interinstitucional, néguena, claro, se a negan, desde logo estamos en absoluto desacordo, se vostedes comparten isto, cada Administración

especialízase naquilo que mellor sabe facer, pero asemade apoia aqueloutro que, dunha maneira illada, non pode levarse a cabo na súa totalidade.

E xa un pouco para ir terminando esta primeira intervención miña, eu creo que é bo que teñamos debates políticos, e creo que é bo que os concellos saiban que está facendo a deputación, e creo que é bo que o grupo de goberno infórmelle ós señores deputados do que se fai. Creo que o estamos facendo, creo que estamos sendo transparentes, creo -e remítome a tódalas documentacións achegadas-, que nalgúns casos, Sr. Doval, e aquí fago autocrítica, nalgúns casos certamente a disposición de datos con esas corenta e oito horas, para a comisión informativa, non para o pleno, para a comisión informativa, o expediente, debido á súa complexidade, non puido estar completo, ben é certo que podía celebrarse o venres a comisión, porque era extraordinaria, cambiárase de día por unha razón, porque queríamos traer ó primeiro pleno que puideramos, tecnicamente, o que era urxente desenvolver, saben que o expediente de modificación de créditos ten que estar exposto, necesita duns determinados prazos e tempos, e que a execución de tódolos proxectos esixen tamén un tempo.

E polo tanto, eu repito, sabendo que se pode mellorar, sabendo que podemos alcanzar maior nivel de xestión, non me diga que xestionamos 21 pesetas de cada cen. Iso é absolutamente falso; iso non se sostén con ningunha análise seria; iso sostense sobre a base de facer un ratio, como eu podo facer cincuenta mil, porque é máis, poderíalle dicir que o remanente de Tesourería deste ano redúcese, respecto do ano pasado, e é a comparación máis próxima ¿non?, porque era o mesmo equipo de goberno o que tiña responsabilidades, nun 8,14%, pódollo demostrar tamén porque non hai ningún tipo de tapullo con isto dos números, o que pasa é que os números, todos o sabemos, aparentemente son neutrais, pero teñen logo a discrecionalidade de quen os pinta, e depende do que poña no numerador ou no denominador, e así sáelle un ratio, nuns casos dunha maneira, e noutros casos doutra. Pídolles que, no tocante a xestión, xa que falan vostedes dos señores funcionarios, que lles digan todo o que xestionan, non lles digan soamente cando xa se finaliza o expediente, díganlle todo o proceso, desde que se inicia, ou desde que os políticos mesmo antes de inicialo consultámoslle a factibilidade de poder implementalo.

Por iso, repito, creo que é un expediente de crédito responsable, que é un expediente de crédito prudente, son cualificativos que teñen unha aplicación directa, e teñen unha aplicación directa porque no debate utilizáronse outros cualificativos, e por iso quero dicirlles que é serio, responsable, que é prudente porque mesmo, e aí concordo con vostede, as modificacións non é bo desenvolverlas porque canto máis modificados máis desvirtúas a base mesma do que é o debate orzamentario, e eu creo que o orzamento é un bo instrumento para render contas da acción política e para saber cara a onde se vai, creo que é bo, e polo tanto algo que está no orzamento pois mesmo ata me dá a impresión de que non é conveniente estalo debatendo permanentemente, o que hai que facer é facelo, e para poder facelo necesítanse recursos, e cando hai

vontade política de que as accións orzadas sobre a base da discrecionalidade, atendendo todas e cada unha das necesidades, pódese mellorar, suplementalos, ou reducimos débeda, ou facemos aquilo que nos pareza que é mellor para tódolos concellos da provincia.

Máis nada Sr. presidente, moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, total e absolutamente brevemente, porque eu creo que explicitarei na miña primeira intervención aqueles temas “estrela”, ou os que pasan por ser “estrela”, do expediente de modificación, e polo tanto non vou volver a entrar neles porque dalgún deles mesmo nin se fixo referencia na contestación por parte do representante do equipo de goberno, non vou empregar aquela máxima de “quen cala consente”, pero en todo caso queda no aire o debate sobre algunha das cousas que aquí se dixeron.

Simplemente si quería facer un tema que se podía aplicar a un dos apartados, que en concreto é un Plan de turismo, o Sr. Erias e eu non temos o mesmo concepto das cousas, mesmo me deu a impresión de que o Sr. Erias cando dicía que lle gustaba máis programación e non planificación estaba facendo unha análise marxista, eu ía polo dicionario, máis nada, non cheguei aí aínda, non, a min gústame a planificación que se programa despois, ou a programación que se planifica, gústanme as dúas cousas, pero quero dicirlle unha cousa ¡eh!: a planificación é un dos deberes que ten esta institución, por moito que non lle guste, se quere que lle cambiemos e entremos no debate do que cada un entende seguramente imos coincidir, creo que estamos dicindo o mesmo, pero deume a impresión de que o de planificación soáballe a intervención, pero de tódalas maneiras intervimos, fíxese vostede se intervimos que o Plan operativo local a algúns concellos démoslle obras que non pediron de prioritarias e dámosllas de primeiras, e ¿iso que é, máis que intervención? ¿ou é planificación darlle para o 2.001 o que quería facer no 2003, e que non poida facer o que tiña previsto para o 2.001?, ¿como lle chama vostede a iso, dígame como o chama?... Ben, pois moi ben, chámeo criterios, entón xa estamos nun debate a tres bandas. Pero en calquera caso dígolle que eu tamén creo na planificación, é máis: creo que é unha das nosas obrigas, porque creo que a planificación contribúe, coa racionalización dos recursos públicos que hai, a equilibrio no desequilibrio que hai nos concellos da provincia, que a fin de contas é, polo menos, no plan teórico, o maior obxectivo que ten esta deputación, favorecer o equilibrio naqueles concellos máis desfavorecidos. E para iso é necesario, Sr. Erias, e non me diga que non, hai que planificar, non entremos no debate semántico, hai que planificar. E iso é o que se fai, e ademais aprobamos o Plan operativo local, Plan de obras e servicios, ¿iso que é?, planificar, chámeo vostede programa, entón, cambiémoslle a semántica aínda que ó final fagamos camiños, iluminacións, saneamentos, iso non sei como se chama.

Eu non escoitei o de invadir competencias da Xunta, digo asumir, é que a Xunta está contentísima de que os invadamos, claro, a min lémbreme aquelas películas dos invasores, que loitaron contra eles, non, aquí están chamando para que vaíamos invadilos porque cada vez que vaíamos imos co carro cheo de pesetas, e invadímoslos co Plan de bombeiros e facemos algo que tiñan que facer eles, e cóllenlles o Plan de instalacións deportivas... Están contentísimos con que os invadamos. Eu non falei de investimento. Estiven falando de perigosa asunción de competencias, perigosa porque a min cónstame que a Administración autonómica ten reguladas moitísimas cousas que aquí vexo que non están reguladas, ¿pero eles? ben, están contentísimos de que vaíamos aí a invadirilles as súas competencias. E xa sei, Sr. Erias, o que pasa é que sempre acabamos discutindo sobre a necesidade das cousas, e o problema non é a necesidade das cousas, e o problema non é a necesidade dun Plan de turismo, ou de que exista moito máis, iso non o está discutindo ninguén; estamos discutindo os mecanismos e a institución, primeiro porque por lei o ten asumido así, que é a comunidade autónoma, pero segundo porque ten neste momento xa un dimensionamento nos seus serviiicios, etc., etc., que xa o están facendo, entón non se ve a necesidade de que desde aquí se cre todo iso. Porque xa estou dicindo: se o problema son as necesidades dos concellos, démoslle os cartos directamente ós concellos, pero non articulemos aquí outra mecánica, que complica moitísimo, Sr. Erias, porque despois un concello que quere facer un plan turístico, por exemplo, ten que estar pendente de traer algo da Unión Europea, ten que estar pendente de que a Xunta lle poida dar unha achega, e ten que estar pendente cando lle saia a convocatoria da Deputación da Coruña, e ó mellor tamén dalgún *sponsor* de tipo particular, para facer todo iso. E así é complicadísimo traballar. Entón, eu, mentres estea aquí defenderei que o que vostede está dicindo, esa cooperación interinstitucional, mesmo aínda que leve á perda de determinado tipo de competencias das institucións, hai que chegar a ela, voullo dicir con toda claridade, se esa cooperación institucional leva a que determinado tipo de institucións se teñan que desfacer de competencias, eu contentísimo, porque ¿sabe quen vai saír gañando?, o cidadán e o reparto racional dos fondos públicos. Entón, non lle teñamos medo, pero o que estou vendo, e esa é a lectura que nosoutros facemos, é que aquí cada vez máis competencias, máis ámbitos de actuación, e iso camiña, eu penso, que nun senso moi diferente, ó que camiñan outras Administracións, e penso que as compañeiras e compañeiros que estivemos tamén hai pouco nesa viaxe da Unión Europea, tamén algo aprendimos respecto de por ónde se está camiñando.

Polo tanto a min paréceme moi ben, Sr. Erias, a reflexión que se fai, sobre todo en tempo de Cuaresma é necesario reflexionar moitísimo, pero creo que quedan as grandes dúbidas, e perdóeme que lle diga que nosoutros observamos con toda cordialidade nese debate, observamos que neste ecuador da lexislatura vostedes si que son contradictorios porque, en teoría, din que camiñan nunha vía determinada, e na práctica estamos por outra diferente.

Temos plans, ¿como non imos ter plans?, temos máis plans, temos, eu creo que cando se debatía aquí o orzamento vimos que tiñamos un abano grandísimo de

planificación, que hai que correxir porque ademais son cos mesmos fins, ¿como non imos ter plans?, hai que reducir ese tipo de planificación, e hai que chegar á colaboración e á cooperación coa Administración autonómica. E voulle dicir unha cousa, a min chámame moitísimo a atención que a cooperación coa Administración autonómica non se dea precisamente a través do que ordena a Lei de coordinación das deputacións, da cal aquí nunca se falou, é curiosísimo, hai unha lei en vigor que non cumpre ningunha deputación desta comunidade autónoma, a Lei de coordinación das deputacións que se fixo cando foi o goberno tripartito, é graciosísimo que nin sequera se fale diso, e mesmo que non se afonde. Entón, eu ríome da Lei de cooperación das deputacións, ríome da coordinación, mellor dito, institucional, cando non se dá coa lei na man.

Polo tanto, en fin, a nosoutros satisfácenos a contestación que vostede deu, seguiremos, efectivamente, discutindo, e naturalmente eu agradezo tódalas referencias que se fan á actuación do noso grupo que, en fin, eu creo que está centrada na orixe do debate, que é o expediente de modificación de créditos, e que vemos tamén con moita preocupación, dígoo sinceramente, que vemos con moita preocupación, o camiño que está seguindo esta deputación, e por iso o dicimos aquí, máis nada.

Sr. Lagares Pérez

O voceiro do Partido Popular dicíanos que tomaba boa nota, pero non debeu de tomar boa nota ás preguntas que fixo o grupo socialista, que non tiveron resposta, e que antes de nada vou reiterar.

Preguntaba o grupo socialista por que ese remanente de Tesourería para novos gastos non se fai un estudio adecuado para aquelas obras que non entran no Programa operativo local e que son demandas concretas dos concellos, habilítase crédito para elas; non se contempla o Plan de obras e servicios nesos complementarios que temos pendentes, e non se establece un convenio, unhas axudas, un estudio na comisión correspondente para o mal, chamado das vacas tolas, en axudas en cuestión de reposición de gando.

E xa a estas horas imos ser breves de todo. Se entrabamos neste debate cun pouquiño de ilusión, Sr. Erias teño que dicirlle que vostede encheunos de números, estamos cheos de papeis e faltos de ilusións. E fálanos de varias cousas que claro, moitas veces, son tópicos, cando se fala de concellos que é a deputación, non soamente hai que falalo, debemos de intentar entre todos exercelo. E cando eu me refería en nome do meu grupo ó programa turístico de 725 millóns, non ten nada que ver co convenio que votamos negativamente da Xunta de Galicia en materia de deportes, porque dese convenio non se deu conta a ningunha comisión, descoñecemos os deputados o que pasou con el, e de darse conta, se se analizase en profundidade onde corresponde, posiblemente o grupo socialista tería outra posición, pero non falemos de algo que non é real, algo que aquí non é transparente neste caso, porque descoñecemos

o que pasou, como dixo o Sr. Fernández Moreda, co compromiso adquirido no exercicio 2.000 coa Xunta de Galicia, sexamos rigorosos. E non sabemos o que vai pasar coas transferencias de capital ós concellos, ou entendeume mal ou o grupo socialista dixo que si valora favorablemente todo o que sexa Capítulo VI e Capítulo VII, como sabemos que son necesarias as subvencións en materia de cultura e deportes para actividades ós concellos e ás entidades da provincia, que teñen que estar debidamente reguladas, pero que son necesarias.

E claro, estamos falando dos números e os números son tozudos, eu leo a páxina 10 de liquidación do orzamento, leo páxina 10: “durante a execución do orzamento do 2.000 contraéronse na agrupación do exercicio corrente obrigas por importe de 22.000 millóns e algo máis, o que equivale ó 54,38% dos créditos definitivos do orzamento de gastos”. Sr. Erias, coñecemos un pouquiño isto, non tanto coma vostede, e sabemos perfectamente o que quere dicir, quere dicir que hai un remanente de Tesourería total de 15.259 millóns e dispoñible para novos gastos de 4.265 millóns. Se non é así, a min, e ó noso grupo, fáltannos xa os papeis, xa non nos falta só a ilusión.

E polo tanto, como isto está aquí, e teremos ocasión na conta xeral de volvelo a discutir, pode darlle a volta que lle dea, ¿que fago eu logo, o meu grupo, que fai?, réstalle a execución do Capítulo I de persoas da amortización de capital e xuros, e dános 20,4. Iso é o que facemos. Vostede fáleme de ratios, fáleme de cousas raras; nosoutros simplemente falamos de sumas e restas, nas escolas é máis sinxelo, non andamos con ratios nin con cousas destas.

Polo tanto, é evidente que os díxitos transfórmanse moitas veces tal e como se queiran utilizar, compréndoo perfectamente, pero tamén comprendo perfectamente que moitas veces, no ámbito orzamentario, hai trampas, que se chaman trampas orzamentarias. E cando falamos da contención do gasto corrente temos que ter coidado de todo canto dicimos, se eu asumo que moitas veces nos concellos somos incapaces, indubidablemente se temos que pagar máis factura de calefacción nun colexio, xa estamos incrementando o gasto corrente, pero os nenos non van pasar frío, pero sexamos realistas, e aquí estase incrementando o gasto corrente nun 1,65% con respecto ó orzamento preventivo, pasan a ser tódolos gastos correntes o 47,89%, revíseo vostede e se non é así, teremos outra ocasión de volver a discutilo no intre adecuado, cando se debata aquí a conta xeral.

Polo tanto, Sr. presidente, señoras e señores deputados, xa para ir terminando, direi que o grupo socialista non pode dar o seu voto afirmativo a este expediente de modificación de créditos. É indubidable que hai un número de economías dirixidas ós concellos ou ós investimentos propios, que estaríamos dispostos a votar afirmativamente; non podemos facelo, e insistimos que a xestión, a eficacia e a dirección política desta deputación ten que ser máis activa e máis eficaz.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Erias Rey

Intentando ser breve pero tamén intentando ser realista, no tocante ás formulacións, porque o idealismo é algo loable, e máis a determinadas idades que ás da media dos señores deputados, pero deixándolles que continúen con ese idealismo, o grupo de goberno tráelles hoxe o primeiro expediente de modificación de créditos para atender un conxunto de necesidades e compromisos, que hai unha vontade política firme de implementar, e que era necesario aplicar parte dese remanente de Tesourería libre a disposición para poder aplicar, podíamos facer outras cousas, podíamos suprimir o de protección civil, os parques de bombeiros, o Plan de ambiente, e dicirlles ós da Coruña que non se fai o recinto feiral. Efectivamente, podíamos facelo, e podíamos facelo porque, no caso que me está ocupando, pois polas razóns que sexan, que non vou explicar aquí, que non é este o foro, resulta que a deputación ven consignando ese apoio co compromiso da Xunta de Galicia para executar un investimento, e que non se materializou. ¿Terá disto culpa a deputación? Probablemente si, por volvelo a traer e por manter o seu compromiso, pero eu creo que non. Eu creo que, responsablemente, aqueles investimentos previstos nos concellos, e que, ben do Plan de arquitectura popular, ben do Plan de ambiente, ben do Plan de infraestructuras, ben de calquera dos Plans de protección civil ou de parques de bombeiros, ben todos aqueles asuntos que, pola razón que sexa, non se empezan a implementar antes de que se inicie o peche do exercicio, e que quedan aí e que hai que esperar ata que se liquide o orzamento, e que logo hai que incorporalos. Temos toda a vontade do mundo, Sr. Lagares, de cumprir con eses compromisos, e por iso traémolo aquí.

E despois hai outra cousa, que é a discrecionalidade política, aplicada a ese remanente que está libre de afectación, e nesa vontade política vostede pídeme que lle conteste a preguntas moi concretas.

Home, o noso grupo, non soamente cooperamos, senón que desenvolvemos debate, logo sometémolo a ese mellor criterio da cámara, e a partir de aí tomamos as decisións que nos parecen convenientes. Eu non debatín isto no seo do grupo, pero tampouco vou asumir ningunha resposta, o que si podo dicirlle é que se atenderán, e o Sr. presidente en máis dunha ocasión, e fíxense, que eu non quixen dicir nada sobre isto, o Sr. presidente, cando vostedes propuxeron o tema das inundacións, desa causa sobrevida da cal falamos, o Sr. presidente colleu a testemuña, e o Sr. presidente non discriminaba, con eses criterios tributarios, que me recordaban equidade, eficiencia e progresión, non eses non serven para isto, para isto non serve, para isto o vento sopra e arranca tellados, chove e fanse fochas, hai determinados desperfectos que hai que atender... E é certo, podíase adoptar mellor, podíanse facer uns criterios, e se non veu antes aquí é porque, tecnicamente, foi imposible, ven no intre en que, tecnicamente, é

factible, e vostedes quéixanse de que é precipitado porque metemos 470 millóns, pois xa me contarán, xa me contarán se non hai contradicción.

Pero no remanente para novos gastos, non teña ningunha dúbida que estudiaremos todas e cada unha das posibilidades, e elixiremos aquelas que mellor creamos que benefician ós concellos da provincia e ós cidadáns que, no fondo son os que teñen que gozar do que nosoutros aquí fagamos.

Por iso quérolle dicir que, en todo caso, de verdade, que imos estudar todo o que quede aí, discrecional, e todo o que non sexa discrecional porque xa está afectado por compromisos anteriores ímolo cumprir, que cremos ademais que é a mellor maneira, e todo vai ó mesmo, din vostedes: “é que non hai proxecto político”, ¿como que non hai proxecto político? Hai reputación, que é algo máis importante mesmo có proxecto político. E non é padecer o significado das palabras, ¡eh!, programación e planificación son substancialmente diferentes, porque de planificación hai dous tipos dela: unha que é indicativa e outra cohercitiva, pero aquí non se trata de suspender nin avaliar a ninguén, senón que se trata de dicirle que creo que programar é algo máis flexible, algo que se vai adecuando a todas e cada unha das fases. Miren, nalgún dos plans tivemos que modificar as bases, ¿por que razón? porque era demasiado regulamentista, demasiado ríxido, e impoñíamos unhas restriccións que, á hora da verdade, non se podía executar, ¿e que era mellor? ¿dicirilles que non podían recuperar a igrexa de San Martiño porque o informe era negativo, non sei que, non sei cantos, que van perder ese crédito ou modificar as bases para que o concello de Santiso poida facer as áreas recreativas?, ¿que cren vostedes que é mellor? Pois este grupo de goberno trata de ser reputado, gañándose a credibilidade, e a credibilidade gáñase a través de facer aquilo que se compromete, e comprometémonos, na anterior lexislatura e na actual, en facer determinados plans, ímoslos executar, a pesar, entre comiñas, de todos eses problemiñas que van aparecendo e que necesitaremos ir subsanando. Máis nada, en todo caso no debate correspondente da liquidación do orzamento terei cumprida oportunidade de que vostede comprenda a tozudez dos números, pero a tozudez dos números desde a base da sensatez.

Sr. presidente

A Lei de coordinación das deputacións quedou derogada pola Lei das entidades locais de Galicia, de Administracións locais de Galicia de 1997. Se me expresa a súa intención de voto, Sr. Doval, agradézollo.

Sr. Rodríguez Doval

Máis nada que dicir que nosoutros dixemos que non iamos apoiar este expediente de modificación de créditos, polo tanto imos votar en contra.

E sobre todo non teño máis nada que dicirlle que nosoutros entendemos que a lei de coordinación segue en vigor totalmente, e ademais que o que se está facendo é contrario a calquera espírito do que levaba a Lei de coordinación das deputacións, total e absolutamente contrario, nin coordinación nin nada, desfeita total.

Sr. presidente

Está ben, como vostede queira, non imos discutir agora temas legais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: 11 deputados (PSOE 10 presentes e 1 por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, co detalle seguinte:

- Memoria da Presidencia.
- Detalle das partidas orzamentarias que se han suplementar ou habilitar crédito, e o medio de financiamento establecido para isto.
- Propostas das distintas unidades, nas que se detalla o carácter específico e determinado do gasto que se vai realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- Informe da Intervención Xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-Consonte co que establece o artigo 26 do R.D. 500/90, do 20 de abril, recoñécense obrigacións de pagamento por importe total de 21.184.020.- ptas. a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan:

A favor de Abecomuyll UTE, correspondente á factura nº 007/00 do 10.11.00, por importe de 21.184.020.- ptas., pola certificación de liquidación das obras de Modificado nº 2 da presa de Abegondo, do Plan de abastecementos do ano 1994.

2º.-Aprobación inicial do Expediente de modificación de créditos nº 1/01 de competencia do Pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 3.752.241.244.- ptas., e que ofrece o seguinte resumo:

AUMENTOS:

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	758.156.345.-
SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO	<u>2.994.084.899.-</u>
<u>TOTAL DE AUMENTOS</u>	<u>3.752.241.244.-</u>

BAIXAS: (Financiamento)

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN	508.051.-
RA. R.T. GASTOS AFECTADOS	5.430.000.-
RG. R.T. GASTOS XERAIS	<u>3.746.303.193.-</u>
<u>TOTAL BAIXAS</u>	<u>3.752.241.244.-</u>

3º.-Expoñer ó público o dito expediente no BOP polo prazo de quince (15) días hábiles, para efectos de reclamacións contra este expediente, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril.”

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. presidente

Non hai ningunha moción. Hai dúas preguntas da Sra. Candocia, non sei se as van efectuar vostedes, se queren que llas conteste por escrito, ou quedan para o vindeiro pleno.

Sra. Candocia Pita

Que se contesten por escrito.

Sr. presidente

Teño unha pregunta aquí da Sra. Vázquez sobre Ponte do Porco. Ten a palabra.

Sra. Vázquez Veras

Son dúas preguntas referidas a dúas estradas máis ou menos da mesma área. A estrada de Betanzos-Campolongo e a de Ponte do Porco-Vilamateo. Na primeira ó que se fai referencia é a que nas últimas semanas houbo unha limpeza de foxos e de desprendementos por mar das chuvias ocorridas ultimamente, e que as terras que se sacaron da estrada foron a parar a predios lindeiros de particulares sen que houbera permiso. Entón a pregunta é se se coñece este extremo, e se vai facer algo a deputación para subsanar estes danos que se produciron nos predios lindeiros.

E outra é que a raíz das obras da ponte da A-9 e da ponte do ferrocarril, que no inicio da estrada de Ponte do Porco a Vilamateo se produciron estragos da calzada, e entón se a deputación vai demandar o arranxo da estrada á Administración pública, que fixo estas obras.

Sr. presidente

Tocante á primeira pregunta, na estrada de Betanzos-Campolongo, téñolle que dicir que os técnicos desta deputación, ata este momento que vostede denunciou este feito non teñen constancia de que esa empresa encargada de limpeza dos foxos e dos derrubamentos dos terrapléns, pero por suposto que o van investigar, e se é así, instarase á empresa que está facendo o traballo que o retire e se desculpe perante os propietarios.

Na segunda pregunta, os informes que teño sobre as melloras e reparación de ferrocarril en Ponte do Porco, é dicirlle que alí o que se fixo foi un recheo, un sobrancho por fóra da estrada provincial para depositar as pezas novas que se van instalar na ponte do ferrocarril, e tamén o poder acceder unha grúa para a súa elevación e colocación. Polo tanto, os informes que hai de momento é que a estrada da deputación non sufriu ningún dano, se se ensuciou por estas obras, estase limpando, e tamén sacáronse os valos para poder acceder aí con ese material e coa guindastre que as vai levar. Polo tanto, cando terminen as obras volverá todo ó seu sitio e faremos un seguimento do tema.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.